

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de outubro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dous de outubro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1117).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 1 de setembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 4 de setembro, extraordinarias e urxentes do 7 e 9 de setembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 10 de setembro, extraordinaria e urxente do 15 de setembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 17 de setembro e extraordinaria e urxente do 21 de setembro de 2015. .

Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(1118).- MODIFICACIÓN DO RESPONSABLE E DO SERVIZO XESTOR DO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES NO AUDITORIO MUNICIPAL DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 6016/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación do 25.09.15, conformado polo concelleiro delegado da Área de Contratación, a titular de asesoría xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades no Auditorio municipal da Casa do Concello por procedemento aberto (PPT).*

ANTECEDENTES

En data 21 de setembro de 2015, o Concelleiro delegado da área de Cultura, informa da necesidade de proceder á modificación do servizo xestor e do responsable do contrato do servizo de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades no Auditorio municipal da Casa do Concello, por mor de que o Decreto de Delegación de Competencias do Alcalde, de data 19 de xuño de 2015, delega a xestión do Auditorio Municipal na área de Cultura. En consecuencia, solicita que se cambie o servizo xestor que se fixa no PCAP polo de área de Cultura e o responsable do contrato, nomeándose como tal ó xefe deste servizo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, en data 8 de maio de 2015, acordou, entre outros extremos, "Aprobar o expediente de contratación 6016/335 do servizo de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades no auditorio municipal, así como o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares,

ambos de data 23/04/2015 e que se inclúen no expediente”, así como abrir o período de licitación deste procedemento.

O apartado 1 das Follas de especificacións do contrato (en adiante FEC) determina que o Servizo xestor é o de Festas (subapartado B) e o responsable do contrato a xefa do mesmo (subapartado C).

Segundo.- En data 13 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou “Adxudicar á Produción e Xestión Cultural, S.L, o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades no auditorio municipal (expediente 6016-335) (...)”. O contrato formalizouse en data 26 de agosto de 2015, fixándose como data de inicio do mesmo o día 1 de setembro de 2015.

Terceiro.- No Decreto de delegación de competencias do Alcalde nos Concelleiros, de data 19 de xuño de 2015, se delega na área de Cultura a xestión do Auditorio Municipal (apartado XV).

Producido un cambio nas competencias para xestionar o Auditorio Municipal, é necesario cambiar tanto o responsable do contrato como o servizo xestor.

O Concelleiro Delegado da área de Cultura propón como servizo xestor ó de Xestión e Promoción cultural e como responsable do contrato ó xefe deste servizo.

Procederá en consecuencia modificar no apartado 1 das FEC do PCAP os seguintes extremos:

B) SERVIZO XESTOR: área de Cultura

C) RESPONSABLE DO CONTRATO: xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural

D) UNIDADE TRAMITADORA: GE0000656 PROMOCION CULTURAL

Cuarto.- Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP). No caso que nos ocupa o prego so prevé a modificación do contrato cando concorra a seguinte circunstancia que “o aumento das actividades previstas anualmente”, suposto no que se admite “o incremento do nº de horas de prestación do servizo” (apartado 16 da FEC). En consecuencia, o presente contrato so poderá modificarse aplicando o artigo 107 do TRLCSP.

A potestade de modificación unilateral da Administración o *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- *Limites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP).*
- *Limites materiais: a modificación non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria (artigo 107.2 TRLCSP), especificándose no artigo 107.3 os supostos nos que se entende que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato:*
 - a) *Cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.*
 - b) *Cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.*
 - c) *Cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.*
 - d) *Cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 por cento do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.*
 - e) *En calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte no mesmo presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.*
- *Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.*

Neste caso, existe conformidade do contratista á modificación (manifestada en escrito de data 28 de setembro de 2015), e non resulta necesario informe do Consello Consultivo en función do prezo do contrato.

A modificación refírese unicamente a un aspecto organizativo da Administración municipal, non afecta as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato

Esta modificación non afecta ó prezo do contrato, polo que non resulta necesario compensar ó contratista.

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

Quinto.- *Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre*

contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar as modificacións do contrato de servizo de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades no Auditorio municipal da Casa do Concello consistentes en:

1. Substituír ó servizo xestor de Festas por área de Cultura.
2. Substituír ó responsable do contrato xefa do servizo de Festas por xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural.
3. Substituír o código FACE da unidade tramitadora que pasará a ser GE0000656 promoción cultural.

2º.- Formalizar por escrito a presente modificación.

3º.- Notificar o presente acordo ó contratista, Producción e Xestión Cultural, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1119).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2015. EXPTE. 569/330.

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, no mes de xullo e agosto de 2015.

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
503/330	02/07/15	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE INFORMACIÓN EN EXPOSICIÓN "VIGO. PAISAXES DOUTRA ÉPOCA" NA PINACOTECA FFR.	33302279909	44258	9.050,70 €	SERVICIOS SECURITAS, S.A.
504/330	06/07/15	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE CARGOS ELECTIVOS.	33302310000	45115	1.000,00 €	----- (xenérico)
506/330	02/07/15	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA GASTOS DE ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS.	33302260100	44655	500,00 €	----- (xenérico)
507/330	06/07/15	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA DIETAS DE CARGOS ELECTIVOS.	33302300000	45116	300,00 €	----- (xenérico)

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
526/330	23/07/15	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS RELACIONADOS COA PRODUCCIÓN TÉCNICA DE ACTIVIDADES NO AUDITORIO MUNICIPAL.	33312279907	49874	1.800,00 €	----- (xenérico)
536/330	28/07/15	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA SERVIZOS DE REVISIÓN E REPARACIÓN DE MAQUINARIA E INSTALACIÓNS NA PINACOTECA FFR	33302130000	50513	700,00 €	----- (xenérico)
537/330	28/07/15	SERVIZOS DE REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO DA PINACOTECA FFR	33302120000	50514	700,00 €	----- (xenérico)
538/330	28/07/15	SUBMINISTRACIÓNS PARA REPARACIÓNS, MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN DE MAQUINARIA E INSTALACIÓNS TÉCNICAS NA PINACOTECA FFR	33302130000	50515	300,00 €	----- (xenérico)
539/330	28/07/15	SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS PARA REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO DA PINACOTECA FFR	33302120000	50516	300,00 €	----- (xenérico)
540/330	31/07/15	CONTRATACIÓN DE CONCERTOS MUSICAIS PARA A PROGRAMACIÓN DA NOITE BRANCA 2015	3330226090	51099	14.762,00 €	Isaac Garabatos Martínez (SUL PRODUCCIONES)
544/330	07/08/15	CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DUN PLAN FUNCIONAL E DOTACIONAL PARA O CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA DE VIGO-CAFVI	33302270600	52606	21.719,50 €	Nicolás Combarro García
547/330	07/08/15	CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO ESPECTÁCULO "SISTER ACT"	33402260905	52608	21.778,79 €	Stage Entertainment España, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

4(1120).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A SINSAL AUDIO S.L. E CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO "FESTIVAL SINSAL 13". EXPTE. 15103/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.09.15 e o informe de fiscalización do 21.09.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 30.09.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos, que di o seguinte:

Con data 19 de agosto de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo á empresa SINSALAUDIO, SL, para a organización e realización do "Festival Sinsal 13", e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

Que Sinsalaudio, SL, tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais, así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.

Que Sinsalaudio, SL, ven desenvolvendo un labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuitos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

Programación de actividades:

Accións na cámara anecoica:

-27/03/15, de 13.00 a 14.00. Apenino

-24/04/15, de 13.00 a 14.00. 2us

-29/05/15, de 13.00 a 14.00. Nicolás Pastoriza

-11/06/15, Auditorio do Marco, 20.30. Vídeos Sinsal Anecoico e concerto de Nicolás Pastoriza.

CONCERTOS

ANGEL OLSEN

AUDITORIO DO CONCELLO

06/9/15 21:00

VARIOS

MARCO 10/9/15 20:30

LONELADY

SALA MASTER

25/9/15 23:00

CIRCUIT DEX YEUX

MARCO 07/10/15 20:00

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 17.054,50€ (dezasete mil cincuenta e catro euros con cincuenta céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 10.000 € do Concello de Vigo (59%), 3.966,94€ por billeteira (23%), MARCO 1.210 € (7%) e Sinsalaudio 1.877,56 (11 %).

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- *Proxecto da actividade*
- *CIF da Empresa*
- *Copia escritura sociedade*

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Cronograma actualizado.
- Escrito de data 20 agosto de 2015 e remitido por SINSALAUDIO, SL, de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á “Festival Sinsal 13” proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A acción pública de fomento no ámbito da cultura para actividades de interese público e como medida para favorecer a participación cidadá, adicada no presente caso á promoción das artes escénicas musicais promovidas pola entidade SINSALAUDIO, SL se encadra dentro das competencias municipais propias que por razón de materia ven determinada no art. 7 e 25.m da LR-BRL, conforme nova redacción dada pola Lei 5/2014, de 17 de maio, de medidas urxentes, en aplicación da Lei 27/2013 LRSAL.

A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a SINSALAUDIO, SL, para a organización do programa “Festival Sinsal13”, obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a SINSALAUDIO, SL, deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2015, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu otorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

Visto o informe de fiscalización da Intervención de data 21/09/2015 relativo ao asunto referenciado, e previo á aprobación deste, realízase no presente informe proposta que se somete a aprobación as seguintes addendas e correccións ao texto do proxecto de convenio que regula o desenvolvemento da subvención:

- Engádesse na cláusula oitava, conforme o previsto pola Base 39 de Execución do Orzamento: “A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a

presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.”

- *Substitúese no segundo punto do apartado de Manifestan do convenio a errata do ano 2014 por “2015”.*

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a SINSAL AUDIO, SL, ten como obxecto financiar a organización do SINSAL AUDIO, SL, e figura na partida 3340.470.00.02 “CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIV. SINSAL”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10 000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a SINSAL AUDIO, SL, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á SINSAL AUDIO, SL.

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10 000€ (dez mil euros) á SINSAL AUDIO, SL, CIF. B36898369, para o financiamento do “Festival Sinsal 13”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.470.00.02 “CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIV. SINSAL”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e SINSAL AUDIO, SL, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Festival Sinsal 13”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO, SL, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO “ FESTIVAL SINSAL 13”

Vigo 19 de agosto de dous mil quince

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante Concellería), e no seu nome e reresentación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía

de 19 de xuño de 2015, acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015); con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Luis Campos Alonso, en calidade de Administrador da sociedade Sinsal Audio, SL, con NIF B36898369, actuando en nome e representación da devandita entidade, e con enderezo na rúa Estrada, nº 6, 1ºD, CP 36209, da cidade de Vigo, en adiante a EMPRESA.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.-

Que a Concellería de Cultura, órgano da Administración do Concello de Vigo ao que lle corresponde as competencias en materia de promoción da cultura, considera que o interese público, social e cultural o Festival Sinsal complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación musical estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2015, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxetivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenía.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.470.00.02 "CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIV.SINSAL", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL de ___ de ___ de 2015.

TERCEIRO.- Que Sinsal Audio SL,, tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais, así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.

CUARTO.- Que Sinsal Audio ven desenvolvendo un labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

QUINTO.- Que a EMPRESA reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Ae mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Concellería e a EMPRESA para desenvolver o programa de actividades do "Festival Sinsal 13" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 17.054,50€ (dezasete mil cincuenta e catro euros con cincuenta céntimos), financiándose os mesmos mediante as achegas de 10.000 € do Concello de Vigo (59%), de 3.966,94€ por billeteira (23%) e MARCO 1.210 € (7%) e Sinsalaudio 1.877,56 (11 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

Programación de actividades:

Accións na cámara anecoica:

-Venres 27 de marzo, de 13.00 a 14.00. Apenino

-Venres 24 de abril, de 13.00 a 14.00. 2us

-Venres 29 de maio, de 13.00 a 14.00. Nicolás Pastoriza

-Xoves 11 de xuño, Auditorio do Marco, 20.30. Vídeos Sinsal Anecoico e concerto de Nicolás Pastoriza

CONCERTOS

ANGEL OLSEN

AUDITORIO DO CONCELLO

06/9/15 21:00

VARIOS

MARCO 10/9/15 20:30

LONELADY

SALA MASTER

25/9/15 23:00

CIRCUIT DEX YEUX

MARCO 07/10/15 20:00

CUARTA.- OBRIGAS DA EMPRESA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

1. *Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, baixo as ordenes de D. Luis Campos Alonso que actuará como interlocutor fronte á Concellería.
A tal fin a EMPRESA designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.*
2. *Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*
3. *Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
4. *Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
5. *Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
6. *Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.*
7. *A EMPRESA comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no momento en que teña constancia da súa disponibilidad ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
8. *A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

- *Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integra polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas polo servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o servizo de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras

linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, antes do 1 de decembro de 2015.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Concellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria-avaliación do programa de actividades realizadas, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica xustificativa, contendo o balance desglosado ca totalidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes; acreditados mediante facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no presente ano que respondan directa e indubidablemente á natureza da activades realizada, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á Empresa é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola a EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.

Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezaón e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería.

DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da Empresa. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA EMPRESA:

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o CONCELLO, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2015, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de 5 días.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área
de Cultura

Cayetano Rodríguez Escudero

O administrador de SINSALAUDIO,SL

Luis Campos Alonso

ANEXO Iº

ORZAMENTO DA PROGRAMACIÓN "FESTIVAL SINSAL 13" 2015

Previsión de ingresos	TOTAL	%
Concello de Vigo	10.000,00 €	59
MARCO	1.210,00 €	7
SINSALAUDIO	1.877,56 €	11
Entradas	3.966,94 €	23
Total Ingresos	17.054,50 €	100

Previsión de gastos	TOTAL
CACHETS	6.550,00 €
HOTEIS	440,00 €
DIETAS	550,00 €

GASTOS ADMON	726,00 €
TRANSPORTES	363,00 €
PRODUCCIÓN TÉCNICA	2.194,00 €
COMUNI.+VIDEO+FOTOS	1.452,00 €
PROMOCIÓN + DESEÑO	1.875,50 €
PRODUCCIÓN ARTÍSTICA	2.904,00 €
TOTAL	17.054,50

5(1121).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “DESAFIO BOOT CAMP RACE”, O VINDEIRO 3 DE OUTUBRO. EXPTE. 13961/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.09.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e o concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Entidade Pepita Tery Producciones S.L. con CIF (B27742105), solicitou o día 16-04-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150044542) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: DESAFIO BOOT CAMP RACE*
- *Data: 3 DE OUTUBRO DE 2015*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que comenará o sábado 3 de outubro de 2015, ás 9.00h con o Desafío Boot Camp Race Elite e ás 10.30h Desafío Popular e e Desafío boot Camp Kids. A proba se desenvolverá no entorno de Samil, tendo que cortar distintas rúas (cño. Fontiñas, Argazada, Avda. Samil, Cño Garita)

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*
- *Medio Ambiente*
- *Montes, Parques e Xardíns.*
- *Servicio Provincial de Costas de Pontevedra*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Entidade Pepita Tery Producciones S.L. con CIF (B27742105), a organizar o vindeiro sábado 3 de outubro de 2015, a proba deportiva denominada DESAFIO BOOT CAMP RACE, o evento comenará ás 9.00horas no entorno de Samil, entre a praia dos Olmos ata a desembocadura do río Lagares.O Desafio Boot Camp Race ELITE comenará ás 9.00 e ás 10.30h se levará a cabo o Desafio Popular e Desafio Boot Camps KIDS.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1122).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “I SANITAS MARCA RUNNING SERIES VIGO”, O VINDEIRO 4 DE OUTUBRO. EXPTE. 14074/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.09.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e o concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A empresa Last Lap Slu con CIF (B80891211), solicitou o día 29-04-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150050849) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: I SANITAS MARCA RUNNING SERIES VIGO
- Data: 4 DE OUTUBRO DE 2015

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará o domingo 4 de outubro de 2015 ás 09.30 con saída dende a rúa Urzáiz, percorrendo a continuación polas rúas, Cervantes, Simón Bolívar, Ecuador, Taboada Leal, Ronda Don Bosco, Enrique Blein Budiño, Venezuela, Paseo de Granada, Abeleira Menéndez, Porta do Sol, Méndez Nuñez, Palma, Gamboa. Plaza de Compostela, Pablo Morillo, Montero Ríos, Concepción Areal, Colón, Marqués de Valladares, Carral Dr. Cadaval, López de Neira, Progreso, Dr.Cadaval, López de Neira, Príncipe, Policarpo Sanz, Velázquez Moreno e Príncipe para rematar na rúa Urzáiz ás 11.00horas.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á empresa Last Lap Slu con CIF (B80891211), a organizar o vindeiro domingo 4 de outubro de 2015, a carreira I SANITAS MARCA RUNNING SERIES VIGO a proba terá a súa saída dende a rúa Urzáiz ás 9.30h, percorrendo a continuación polas rúas, Cervantes, Simón Bolívar, Ecuador, Taboada Leal, Ronda Don Bosco, Enrique Blein Budiño, Venezuela, Paseo de Granada, Abeleira Menéndez, Porta do Sol, Méndez Nuñez, Palma, Gamboa. Plaza de Compostela, Pablo Morillo, Montero Rios, Concepción Areal, Colón, Marqués de Valladares, Carral Dr. Cadaval, López de Neira, Progreso, Dr.Cadaval, López de Neira, Príncipe, Policarpo Sanz, Velázquez Moreno e Príncipe para rematar na rúa Urzáiz ás 11.00horas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1123).- ADXUDICACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DO CLUB DEPORTIVO DA POLICÍA LOCAL DE VIGO PARA COLABORAR CO FINANCIAMENTO DO DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DE PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FÚTBOL-7 DE CORPOS DE SEGURIDADE, EMERXENCIAS E FORZAS ARMADAS NA CIDADE DE PINTO. EXPTE. 14335/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.09.15 e o informe de fiscalización do 28.09.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.09.15, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

Examinadas as observacións do informe da Intervención do Concello de data 28/09/2015, que sinala que "procede que con carácter previo ao sometemento á aprobación do Convenio pola

Xunta de Goberno Local se reaxuste o prazo para a presentación da conta xustificativa (Cláusula sétima)”, procedeuse a súa corrección, incluíndo no dito apartado que o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, quedando a proposta reformulada como segue:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Seguridade e Mobilidade, por Delegación das Funcións da área de Deportes (P.D 03/09/2015), dase inicio ó expediente de subvención a favor do Club Deportivo da Policía Local de Vigo polo desenvolvemento do seu proxecto de participación no Cto. de España de Fútbol-7 de Corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas que vai ter lugar entre o 24 e 25 de setembro de 2015 na cidade de Pinto.

O Club Deportivo da Policía Local de Vigo, é unha asociación privada con personalidade xurídica, capacidade de obrar e sen ánimo de lucro, que ten por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Entre as actuacións enmarcadas nos na actividade da entidade, atopamos que practicará como principal modalidade deportiva a de Fútbol, así como atletismo, boxeo, petanca e pádel, entre outras.

Vinculada a estes obxectivos, atopamos que a entidade, como parte do seu proxecto de actividade anual, promove e dinamiza a participación dunha representación da policía Local de Vigo no Campionato de España de Fútbol-7 para Corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas que se vai celebrar na cidade de Pinto.

O Club Deportivo da Policía Local de Vigo, única entidade da cidade que desenvolve un proxecto como este, de gran nivel de participación e de ámbito nacional vai representar ó Concello de Vigo, no Campionato de España de Fútbol-7 para corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas. Neste campionato participarán equipos representantes de entre 20 e 25 cidades de toda España, e converterase, durante a súa celebración no foco de atención da modalidade a nivel nacional no seu ámbito, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo, e cunha importante repercusión, xa que no campionato participarán os mellores equipos da modalidade a nivel nacional.

O Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción, fomento e dinamización da actividade físico-deportiva na cidade de Vigo.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á participación do Club Deportivo da Policía Local no Campionato de España de Fútbol-7 para corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas representando á cidade de Vigo, considerando ademáis que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola dita entidade, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 1.000,00€ ao obxecto de colaborar coa financiación dos gastos que supón a participación no evento de referencia.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade o Club Deportivo da Policía Local é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención

mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á entidade Club Deportivo da Policía Local co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte-saúde na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar na financiación dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.

O Club Deportivo da Policía Local non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14335/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto do Club Deportivo da Policía Local, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade O Club Deportivo da Policía Local é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade. A subvención que regula o convenio proposto non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que o Club Deportivo da Policía Local é a única entidade da cidade na actividade de referencia.

O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados á participación dunha selección de deportistas do Club Deportivo da Policía Local de Vigo que representarán ó Concello de Vigo, vinculados á competición Campionato de España de Fútbol-7 de Corpos de Seguridade, Emerxencia e Forzas Armadas.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

O Club Deportivo da Policía Local presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades a realizar e o destino da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte do Club Deportivo da Policía Local das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.*
- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación*

administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

- En xeral os documentos xustificativos correspóndense con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e o Club Deportivo da Policía Local, co CIF: G36912459, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar o proxecto de participación no Campionato de España de Fútbol-7 de Corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas que se vai celebrar en Pinto entre o 24 e o 25 de setembro de 2015.

SEGUNDA: Autorizar o gasto polo importe de 1.000,00 € a favor do Club Deportivo da Policía Local, co CIF: G-36912459, con enderezo social na Praza do Rei, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do proxecto de participación no Campionato de España de Fútbol-7 de Corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas que se vai celebrar en Pinto entre o 24 e o 25 de setembro de 2015.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB DEPORTIVO DA POLICÍA LOCAL DE VIGO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PARTICIPACIÓN NO XI CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FÚTBOL-7 DE CORPOS DE SEGURIDADE, EMERXENCIAS E FORZAS ARMADAS QUE SE VAI CELEBRAR DO 24 Ó 25 DE SETEMBRO DE 2015 (Expte. 14335/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra, don Emilio Rafael Herrera Oya con DNI: 36043641-L, como presidente da entidade Club Deportivo Policía Local, co CIF: G-36912459, con enderezo social na Praza do Rei, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do presente expediente.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que o Club Deportivo Policía Local é unha asociación privada con personalidade xurídica, sen ánimo de lucro e con capacidade de obrar autonomamente.

Esta Entidade, ao amparo do establecido no artigo 2 dos seus estatutos, ten por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Entre as actuacións enmarcadas nos na actividade da entidade, atopamos que practicará como principal modalidade deportiva a de Fútbol, así como atletismo, boxeo, petanca e pádel, entre outras.

Vinculada a estes obxectivos, atopamos que a entidade, como parte do seu proxecto de actividade anual, promove e dinamiza a participación dunha representación da policía Local de Vigo no Campionato de España de Fútbol-7 para Corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas que se vai celebrar na cidade de Pinto.

Neste sentido, o Club Deportivo Policía Local desenvolve na cidade de Vigo un programa de dinamización do fútbol-7, e que enmarca, entre outras actuacións, o proxecto de participación dunha selección de xogadores no campionato de España de Fútbol-7 de Corpos de Seguridade, emerxencias e Forzas Armadas, na cidade de Pinto do 24 ó 25 de setembro de 2015.

II.- O programa que presenta o Club Deportivo Policía Local dentro do obxecto deste expediente de subvención, pretende crear un entorno de motivación que favoreza o mantemento da participación nunha actividade deportiva orientada basicamente a obxectivos relacionados coa vida activa e a saúde do persoal vinculado coa Policía Local da Cidade de Vigo.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte-saúde.*
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, contén cun proxecto deportivo no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva orientada á saúde no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto de participación no Campionato de España de Fútbol-7.

VI.- Que o Club Deportivo Policía Local non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo,

segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Deportivo Policía Local, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Deportivo Policía Local comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, a participación no Campionato de España de Fútbol-7 que se vai celebrar do 24 ó 25 de setembro representando ó Concello de Vigo.

2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder ó Club Deportivo Policía Local unha subvención polo importe de 1.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Participación no Campionato de España de Fútbol-7" entre o 24 e o 25 de setembro de 2015. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

2º.- Colaborar coa entidade Club Deportivo Policía Local, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo Policía Local (revista, web, etc).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e como máximo a segunda semana de decembro. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante

orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata tres meses da finalización do evento.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

O Alcalde de Vigo.

O Presidente do Club Deportivo Policía Local

Asdo. Abel Caballero Álvarez

Asdo. Emilio R. Herrera Oya

8(1124).- SOLICITUDE DE PAGAMENTO DE GASTOS XUDICIAIS FORMULADA POLA FUNCIONARIA MUNICIPAL DNA. ROSA ANA GARCINUÑO BARREIRO. EXPTE. 26289/220.

Visto o informe de fiscalización do 21.09.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 6.07.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 19/02//2015 (documento administrativo nº 150020821) a funcionaria D^a Rosa Ana Garcinuño Barreiro, con nº de persoal 78302, Técnica de Administración Xeral, adscrita á Área de Mobilidade e Seguridade solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento da mesma -en calidade de imputada- nas dilixencias previas-procedemento abreviado nº 5998/2011, seguidas no Xulgado de Instrucción nº 8 de Vigo, tendo sido dictados Auto de 17/07/2014, de sobreseimento provisional e arquivo das actuacións, entre os que se sinala expresamente a D^a Rosa Ana Garcinuño Barreiro, e Auto de data 27/11/2014 polo que se desestima o recurso interposto e confirma en todos os seus extremos o auto de 17/07/2014.

2.- O importe solicitado ascende a unha contía de 1.909,91 euros, aportándose a tal efecto facturas emitidas por:

Avogado: D. José Antonio Fernández Fernández, con NIF 36.080.372-L, por un importe de 1.573,00 euros.

Procurador: D. Ricardo Estévez Cernadas, con NIF 36.054.074-X, por importe de 336,91 euros.

3.- Incorporase ao presente expediente administrativo informe de data 16/03/2015, da titular da Asesoría Xurídica Municipal.

4.- Con data 25/06/2015, a Sra. Garcinuño Barreiro reitera a súa petición.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 13 de maio, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan se se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a exlimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competenciais relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 922002269901 "Indemnizacións a cargo do Concello" dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados á funcionaria D^a Rosa Ana Garcinuño Barreiro, con nº de persoal 78302, Técnico de Administración Xeral, adscrita á Área de Mobilidade e Seguridade como consecuencia do persoamento da mesma -en calidade de imputada- nas dilixencias previas-procedemento abreviado nº 5998/2011, seguidas no Xulgado de Instrucción nº 8 de Vigo, tendo sido dictados Auto de 17/07/2014, de sobreseimento provisional e arquivo das actuacións, entre os que se sinala expresamente a D^a Rosa Ana Garcinuño Barreiro, e Auto de data 27/11/2014 polo que se desestima o recurso interposto e confirma en todos os seus extremos o auto de 17/07/2014.

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de 1.909,91 euros, segundo as facturas emitidas por:

Avogado: D. José Antonio Fernández Fernández, con NIF 36.080.372-L, por un importe de 1.573,00 euros.

Procurador: D. Ricardo Estévez Cernadas, con NIF 36.054.074-X, por importe de 336,91 euros.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 922002269901 "Indemnizacións a cargo do Concello" dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o interesado, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1125).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL EN MATERIA DE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL E DIFERENCIAS SALARIAIS D. JOSÉ ANTONIO ESPAÑA PIÑEIRO, INSPECTOR DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 26307/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 24.09.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 11/02/2015 (documento nº 150017575) D. JOSÉ ANTONIO ESPAÑA PIÑEIRO, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, adscrito ao posto de traballo de inspector de medio ambiente e destino no Servizo de Medio Ambiente, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de clasificación profesional e diferencias salariais.

O reclamante manifesta no escrito indicado que realiza unha serie de funcións que entende corresponden á categoría superior de inspector, subgrupo C1 de titulación, reclamando, en consecuencia, un importe económico correspondente ás cantidades deixadas de percibir dende o ano 2014 e as que se devenguen a partires do 10/02/2015.

2.- Solicitado informe técnico, emitido en data 25/02/2015, que obra incorporado ao expediente administrativo, no mesmo indícase o seguinte:

“Recibido neste Servizo de Recursos Humanos Doc 150017575 de D Jose Antonio España Piñeiro, DNI 36037970Y e N.P. 15094 , empregado municipal adscrito ao posto 255 Inspector de Medio Ambiente, no que solicita a súa clasificación profesional de Inspector de Medio Ambiente, co código retributivo 255, Grupo C1, CD 18 e CE 149, Informase:

–En data 20 de setembro de 2010, a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación do EXPTE. 20049/220, no que se propuña a adecuación retributiva de diversos postos, tendo en conta o recollido na lei 7/2007, de 12 de Abril do Estatuto do empregado publico en canto a carreira profesional dos empregados públicos e os Acordos da Mesa Xeral de Negociación nas súas sesións de data 30 de decembro de 2009 e, 4, e 18 de xaneiro de 2010, polo que se acorda a modificación do subgrupo de titulación dos postos de inspectores municipais así como a modificación da súa denominación, ao considerarse que o desempeño das funcións

encomendadas esixe un nivel de formación académica correspondente aos grupos C1 de titulación.

–As prazas de Inspector de Medio Ambiente estan incluídas na quenda de promoción interna da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, aínda pendente de executar.

–A Xunta de Goberno Local, en data 24/11/2014 e posterior modificacións de data 25/11/2014 e 12/12/2014 acordou o aboamento de complemento de produtividade pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño de funcións de categoría superior ao persoal relacionado no EXPTE. 24671/220 fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo de Medio Ambiente, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo dado o desempeño efectivo das funcións recollidas para o posto de Inspector Municipal nas correspondentes guías de funcións aprobadas ao efecto. Consecuencia de dito acordo, abonouse en concepto de produtividade a D Jose Antonio España Piñeiro, N.P. 15094, polas funcións de superior categoría desempeñadas no periodo comprendido entre o 1/1/2013 ao 30/10/2014 a cantidade de 2.585.75 €.”

3.- En dilixencia de data 15/07/2015 foi solicitado informe á xefatura do servizo, que foi emitido en data 24/07/2015, polo cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación previa en materia de clasificación profesional e diferenzas salariais que conforma o fondo do asunto, debe considerarse o contido do informe emitido pola Técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos en data no cal literalmente se sinala, entre outros aspectos, que:

“A Xunta de Goberno Local, en data 24/11/2014 e posterior modificacións de data 25/11/2014 e 12/12/2014 acordou o aboamento de complemento de produtividade pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño de funcións de categoría superior ao persoal relacionado no EXPTE. 24671/220 fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo de Medio Ambiente, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo dado o desempeño efectivo das funcións recollidas para o posto de Inspector Municipal nas correspondentes guías de funcións aprobadas ao efecto. Consecuencia de dito acordo, abonouse en concepto de produtividade a D Jose Antonio España Piñeiro, N.P. 15094, polas funcións de superior categoría desempeñadas no periodo comprendido entre o 1/1/2013 ao 30/10/2014 a cantidade de 2.585.75 €.”

Por tanto, consta o aboamento dunha serie de cantidades en concepto de produtividade (incentivo económico ao rendemento contemplado na Lei 36/2014, do 26 de decembro, da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, en canto ao réxime retributivo do persoal laboral ao

servizo do sector público) polo cal os traballos susceptibles de ter sido realizados polo reclamante teñen sido aboados.

III.- En calquera caso, un hipotético desempeño de funcións de categoría superior, de ter sido realizado efectivamente, debería terse axustado ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.

Nas mesmas, a Instrucción terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:

“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area

A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos..

En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.

O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”

Circunstancia que, tal e como se indica no informe da xefatura do servizo, en todo caso se produxo baixo a exclusiva responsabilidade da mesma, que permitiu o desempeño de funcións distintas sen axustarse ao procedemento establecido para a autorización do desempeño de funcións aprobado pola Xunta de Goberno Local e anexas à Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010).

IV.- De calquera xeito, non procedería o recoñecemento da categoría superior, em atención ao sistema de corpos, escalas e clases que recolle o Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en cuxos artigos 167 a 177 se contempla o réxime do persoal ao servizo das Entidades Locais, estruturado nun sistema de corpos, escalas e clases, ao cal non pode ser alleo o persoal laboral, que ten a categoría de empregado público, segundo dispón o artigo 8 da Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, que indica que:

“1. Son empleados públicos quienes desempeñan funciones retribuidas en las Administraciones Públicas al servicio de los intereses generales.

2. Los empleados públicos se clasifican en:

- a) *Funcionarios de carrera.*
- b) *Funcionarios interinos.*
- c) *Personal laboral, ya sea fijo, por tiempo indefinido o temporal.*
- d) *Personal eventual.”*

O persoal laboral fixo ao servizo do Concello de Vigo ten idénticos dereitos e sistemas de carreira e promoción profesional, así como idéntica estrutura retributiva, que o persoal funcionario de carreira, derivado da equiparación que realiza o vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación o 28/12/1998.

En concreto, a promoción profesional debe materializarse inexcusablemente a través dos sistemas que ao efecto contempla o marco legal aplicable, que son os procesos selectivos con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade (vid. Artigo 14 da Constitución de 1978 en relación co disposto no artigo 19 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público). Por tanto, non sería procedente nin axustado a Dereito o recoñecemento de oficio de categoría profesional por parte da Administración, considerando que constituiría unha vulneración do dereito constitucional á igualdade en detrimento dos restantes efectivos públicos en idéntica situación, debendo indicar que, unha vez realizados os procesos selectivos para a promoción interna pendentes de execución, e de resultar nomeado o reclamante pro ter superado a totalidade dos exercicios ao efecto, será cando proceda á exercer as funcións propias e inherentes a un posto de categoría superior.

V.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; e coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos da delegación competencial efectuada (Decreto da Excma. Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de datas 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de clasificación profesional e diferencias salariais formulada en escrito de data 11/02/2015 (documento nº 150017575) por D. JOSÉ ANTONIO ESPAÑA PIÑEIRO, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, adscrito ao posto de traballo de inspector de medio ambiente e destino no Servizo de Medio Ambiente, nos termos do informe técnico emitido ao presente expediente, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer unicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1126).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL EN MATERIA DE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL E DIFERENCIAS SALARIAIS DE D. ANTONIO COMESAÑA SOLLA, INSPECTOR DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 26309/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 24.09.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 11/02/2015 (documento nº 150017573) D. ANTONIO COMESAÑA SOLLA, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, adscrito ao posto de traballo de inspector de patrimonio histórico e destino no Servizo de Patrimonio Histórico, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de clasificación profesional e diferencias salariais.

O reclamante manifesta no escrito indicado que realiza unha serie de funcións que entende corresponden á categoría superior de inspector, subgrupo C1 de titulación, reclamando, en consecuencia, un importe económico correspondente ás cantidades deixadas de percibir dende o ano 2014 e as que se devenguen a partires do 10/02/2015.

2.- Solicitado informe técnico, emitido en data 25/02/2015, que obra incorporado ao expediente administrativo, no mesmo indícase o seguinte:

“Recibido neste Servizo de Recursos Humanos Doc 150017573 de D Antonio Comesaña Solla, DNI 36040596X e N.P. 15556 , empregado municipal adscrito ao posto 255 Inspector de Medio Ambiente, no que solicita a súa clasificación profesional de Inspector de Medio Ambiente, co código retributivo 255, Grupo C1, CD 18 e CE 149, Informase:

–En data 20 de setembro de 2010, a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación do EXPTE. 20049/220, no que se propuña a adecuación retributiva de diversos postos, tendo en conta o recollido na lei 7/2007, de 12 de Abril do Estatuto do empregado publico en canto a carreira profesional dos empregados públicos e os Acordos da Mesa Xeral de Negociación nas súas sesións de data 30 de decembro de 2009 e, 4, e 18 de xaneiro de 2010, polo que se acorda a modificación do subgrupo de titulación dos postos de inspectores municipais así como a modificación da súa denominación, ao considerarse que o desempeño das funcións encomendadas esixe un nivel de formación académica correspondente aos grupos C1 de titulación.

–As prazas de Inspector de Medio Ambiente estan incluídas na quenda de promocion interna da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, aínda pendente de realizar.

–A Xunta de Goberno Local, en data 24/11/2014 e posterior modificacións de data 25/11/2014 e 12/12/2014 acordou o aboamento de complemento de produtividade pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño de funcións de categoría superior ao persoal relacionado no EXPTE. 24671/220 fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo de Patrimonio Histórico, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo dado o desempeño efectivo das funcións recollidas para o posto de Inspector Municipal nas correspondentes guías de funcións aprobadas ao efecto. En consecuencia de dito acordo, abonouse , en concepto de produtividade, a D Antonio Comesaña Solla, N.P. 15556, polas funcións de superior categoria desempeñadas no periodo comprendido entre o 1/1/2013 ao 30/10/2014 a cantidade de 2.037,64 €”.

3.- En dilixencia de data 15/07/2015 foi solicitado informe á xefatura do servizo, que foi emitido en data 20/07/2015, polo cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación previa en materia de clasificación profesional e diferenzas salariais que conforma o fondo do asunto, debe considerarse o contido do informe emitido pola Técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos en data no cal literalmente se sinala, entre outros aspectos, que:

–

–“A Xunta de Goberno Local, en data 24/11/2014 e posterior modificacións de data 25/11/2014 e 12/12/2014 acordou o aboamento de complemento de produtividade pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño de funcións de categoría superior ao persoal relacionado no EXPTE. 24671/220 fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo de Patrimonio Histórico, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo dado o desempeño efectivo das funcións recollidas para o posto de Inspector Municipal nas correspondentes guías de funcións aprobadas ao efecto. En consecuencia de dito acordo, abonouse, en concepto de produtividade, a D Antonio Comesaña Solla, N.P. 15556, polas funcións de superior categoría desempeñadas no período comprendido entre o 1/1/2013 ao 30/10/2014 a cantidade de 2.037,64 €”.

Por tanto, consta o aboamento dunha serie de cantidades en concepto de produtividade (incentivo económico ao rendemento contemplado na Lei 36/2014, do 26 de decembro, da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, en canto ao réxime retributivo do persoal laboral ao servizo do sector público) polo cal os traballos susceptibles de ter sido realizados polo reclamante teñen sido aboados.

III.- En calquera caso, un hipotético desempeño de funcións de categoría superior, de ter sido realizado efectivamente, debería terse axustado ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.

Nas mesmas, a Instrucción terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:

“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento

específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area

A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos..

En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.

O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”

Circunstancia que, tal e como se indica no informe da xefatura do servizo, en todo caso se produxo baixo a exclusiva responsabilidade da mesma, que permitiu o desempeño de funcións distintas sen axustarse ao procedemento establecido para a autorización do desempeño de funcións aprobado pola Xunta de Goberno Local e anexas à Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010).

IV.- De calquera xeito, non procedería o recoñecemento da categoría superior, em atención ao sistema de corpos, escalas e clases que recolle o Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en cuxos artigos 167 a 177 se contempla o réxime do persoal ao servizo das Entidades Locais, estruturado nun sistema de corpos, escalas e clases, ao cal non pode ser alleo o persoal laboral, que ten a categoría de empregado público, segundo dispón o artigo 8 da Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, que indica que:

“1. Son empleados públicos quienes desempeñan funciones retribuidas en las Administraciones Públicas al servicio de los intereses generales.

2. Los empleados públicos se clasifican en:

- a) Funcionarios de carrera.*
- b) Funcionarios interinos.*
- c) Personal laboral, ya sea fijo, por tiempo indefinido o temporal.*
- d) Personal eventual.”*

O persoal laboral fixo ao servizo do Concello de Vigo ten idénticos dereitos e sistemas de carreira e promoción profesional, así como idéntica estrutura retributiva, que o persoal funcionario de carreira, derivado da equiparación que realiza o vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación o 28/12/1998.

En concreto, a promoción profesional debe materializarse inexcusablemente a través dos sistemas que ao efecto contempla o marco legal aplicable, que son os procesos selectivos con res-

peto aos principios de igualdade, mérito e capacidade (vid. Artigo 14 da Constitución de 1978 en relación co disposto no artigo 19 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público). Por tanto, non sería procedente nin axustado a Dereito o recoñecemento de oficio de categoría profesional por parte da Administración, considerando que constituiría unha vulneración do dereito constitucional á igualdade en detrimento dos restantes efectivos públicos en idéntica situación, debendo indicar que, unha vez realizados os procesos selectivos para a promoción interna pendentes de execución, e de resultar nomeado o reclamante pro ter superado a totalidade dos exercicios ao efecto, será cando proceda á exercer as funcións propias e inherentes a un posto de categoría superior.

V.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; e coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos da delegación competencial efectuada (Decreto da Excma. Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de datas 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de clasificación profesional e diferencias salariais formulada en escrito de data 11/02/2015 (documento nº 150017573) por D. ANTONIO COMESAÑA SOLLA, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, adscrito ao posto de traballo de inspector de patrimonio histórico e destino no Servizo de Patrimonio Histórico, nos termos do informe técnico emitido ao presente expediente, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer unicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1127).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL DE DNA. M^a ASUNCIÓN PÉREZ GONZÁLEZ. EXPTE. 26510/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 24.09.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 09/04/2015 (documento nº 150041190) D^a María Asunción Pérez González, con DNI 36.133.187-A, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral por cesión ilegal de traballadores, recoñecemento de dereito e reclamación de cantidade derivada da presunta prestación de servizos en diferentes empresas (ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES,

S.A.U, IMESAPI, S.A.; EULEN, S.A.; GLOBAL SALES SOLUTION LINE ATLANTICO, S.A.; e LIMBER MULTISERVICIOS, S.A), concesionarias, á súa vez, de servizos públicos dentro da actividade do Servizo de Participación e Atención Cidadá.

2.- A reclamante xa presentara unha reclamación previa en materia de recoñecemento de dereito e reclamación de cantidade, desestimada por acordo da Xunta de Goberno local de 23.08.2013 (expediente administrativo nº 24.289/220) xunto con outra reclamación previa materia de tutela de dereitos fundamentais, despido e recoñecemento de dereito pola presunta cesión ilegal de traballadores derivada da presunta prestación de servizos no centro cívico municipal de Coruxo, xestionado polo Servizo de Participación e Atención Cidadá.

3.- Visto o escrito indicado, o 10/04/2015 foi solicitado informe á Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, informe de data de sinatura 14/04/2015 e que obra incorporado ao presente expediente administrativo, á vista do cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación en concepto de recoñecemento de dereitos, cesión ilegal de traballadores e fraude de lei na contratación, e reclamación de cantidades que conforma o fondo do asunto, debe terse en conta que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).

A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.

Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.

En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto.

Todos estes aspectos xa foron informados e resoltos en acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.08.2013 (expediente administrativo nº 24.289/220); por tal motivo, enténdese que non procede entrar a revisar tales cuestións, por estar as mesmas expresamente desestimadas.

III.- No informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá en data 14/04/2015 sinalase literalmente que:

“

Con data 13 de abril de 2015, se recibe no servizo de Participación e Atención Cidadá, a solicitude de informe remitido polo servizo de recursos humanos con relación á reclamación previa de recoñemento de dereitos e reclamación de cantidades, presentada por D^a María Asunción Pérez González, conforme ao exposto na reclamación previa INFORMO:

–A empresa “Global Sales Solutions Line Atlantico S.L.”, ten prestado o servizo de Atención telefónica a través do teléfono 010, coas funcións propias do servizo contratado, e conforme ao Convenio colectivo de ámbito estatal do sector de telemarketing, e a interesada ten realizado substitucións puntuais do persoal da empresa, coa categoría de “teleoperadora”.

–Dona M^a Asunción Pérez González, estivo contratada coa categoría profesional de “teleoperadora”, para “substitución de vacacións do persoal”, nos seguintes periodos:

–Contrato de substitución desde o 03/06/2002 ao 27/10/2002:

–Xornada parcial de 24 horas semanais do 03/06/2002 ao 11/08/2002.

–Xornada parcial de 25 horas semanais do 12/08/2002 ao 25/08/2002.

–Xornada parcial de 30 horas semanais do 26/08/2002 ao 30/09/2002.

–Xornada parcial de 25 horas semanais do 01/10/2002 ao 13/10/2002.

–Xornada parcial de 30 horas semanais do 14/10/2002 ao 27/10/2002.

–Contrato de substitución desde o 04/12/2002 ao 17/12/2002:

–Xornada parcial de 30 horas semanais do 04/12/2002 ao 17/12/2002.

–Contrato de substitución desde o 19/05/2003 ao 26/10/2003:

–Xornada parcial de 25 horas semanais do 19/05/2003 ao 01/06/2003.

–Xornada parcial de 30 horas semanais do 02/06/2003 ao 15/06/2003.

–Xornada parcial de 24 horas semanais do 16/06/2003 ao 16/06/2003.

–Xornada parcial de 30 horas semanais do 17/06/2003 ao 17/06/2003.

–Xornada parcial de 24 horas semanais do 17/06/2003 ao 29/06/2003.

–Xornada parcial de 29 horas semanais do 30/06/2003 ao 13/07/2003.

–Xornada parcial de 39 horas semanais do 04/07/2003 ao 14/07/2003.

–Xornada parcial de 30 horas semanais do 15/07/2003 ao 31/07/2003.

–Xornada parcial de 10 horas semanais do 01/08/2003 ao 10/08/2003.

–Xornada parcial de 25 horas semanais do 11/08/2003 ao 24/08/2003.

–Xornada parcial de 29 horas semanais do 25/08/2003 ao 12/10/2003.

–Xornada parcial de 24 horas semanais do 13/10/2003 ao 26/10/2003.

–Contrato de substitución desde o 16/12/2003 ao 19/12/2003:

–Xornada parcial de 25 horas semanais do 16/12/2003 ao 19/12/2003.

–Contrato de substitución desde o 31/05/2004 a fin de obra ou servizo:

–Xornada parcial de 24 horas semanais do 31/05/2004 ao 13/06/2004.

–Xornada parcial de 30 horas semanais do 14/06/2004 ao 27/06/2004.

–Xornada parcial de 24 horas semanais do 28/06/2004 ao 11/07/2004.

–Xornada parcial de 29 horas semanais do 12/07/2004 ao 27/07/2004.

–Xornada parcial de 25 horas semanais do 28/07/2004 a fin de obra.

–Contrato de substitución desde o 13/12/2004 a 17/12/2004:

–Xornada parcial de 30 horas semanais do 13/12/2004 a 17/12/2004.

–Con data 31/03/2003 e n^o de expediente 209/321, mediante contrato menor de servizos, se procede á contratación da empresa Limbert Multiservizos S.L., por ser a oferta máis ventaxosa para o Concello de Vigo, para proceder á apertura dos Centros Cívicos de Casco Vello, Coruxo e Teis, non consta que D^a María Asunción Pérez González, estivera contratada nesta empresa, prestando os seus servizos con cargo a este contrato.

–A interesada estivo contratada pola empresa Atlas Servicios Empresariales S.A., desde o 22/06/2004, ata o en horario de 17:30 a 21:30 no Centro Cívico de Coruxo, pasando no ano 2005 a prestar os seus servizos a xornada completa.

–Posteriormente a interesada estivo contratada polas empresas concesionarios dos servizos de conserxería e Atención ao público dos centros cívicos municipais EULEN S.A. e ImesApi Movilidad S.A., para o desenvolvemento dos servizos de atención ao público e conserxería, no Centro Cívico Municipal de Coruxo.

–As funcións que desenvolveu son as establecidas no prego de cláusulas técnicas aprobado na convocatoria para a “Contratación de Servizo de atención ó público e conserxería dos centros cívicos municipais dependentes da concellería de Participación Cidadá situados no Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, e que son as que deseguido se relacionan:

–Utilización das aplicacións informáticas correspondentes a cada Unidade, e máis especialmente os paquetes ofimáticos estándar (tratamento de textos, folia de calculo, base de datos, etc).

–Tratamento da información en xeral: ordenador, mecanografía, realizando as correccións ortográficas necesarias.

–Confeción e manexo de ficheiros, comprobación de direccións, etc. Manexo de máquinas de rexistrar, copiar, reproducir, microfilmear, clasificar, encadernar, cortar, destruír, selar, ensobrar, expedir, etc.

–Vixilancia e control de accesos a instalacións municipais, atendendo a visitantes e cidadáns en xeral sobre temas relacionados coa dependencias, así como atención telefónica e telemática.

–Ofrecer información sobre ás actividades culturais, lúdicas e festivas organizadas polo Concello ou entidades públicas ou privadas.

–Manter os expositores con Información turística, de emprego, etc.

–Franqueo, ensobrado, clasificación, entrega, recollida, transporte e distribución de correspondencia e paquetería; manexo de fotocopiadoras, fax, encadernadoras e outras máquinas sinxelas de oficina.

–Recollida, transporte e reparto de documentos, expedientes, aparellos, etc. dentro do centro; colocación e retirada de documentos en taboleiros de anuncios ou similares.

–Custodia e manexo das chaves das distintas oficinas e despachos; apertura e peche de portas, fiestras, luces, calefacción e outros fluídos, así como preparación de aulas ou salas.

–Revisión de instalacións internas e externas. No caso de avaría ou desperfecto que requira intervención profesional, comunica-lo ó servizo de Atención Cidadá para a súa resolución.

–Prendido, control e apagado de calefacción.

–Coidar do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realiza-las súas funcións.

–Cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos.

–Todas aquelas que teñan acomodo polas funcións propias do posto.

O que se informa aos efectos oportunos.”

En consecuencia, calquera reclamación derivada do vínculo laboral mantido entre a empresa indicadas e a reclamante, deberá ser dirimido entre ambas mediante os mecanismos legalmente establecidos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social; non podendo, igualmente, inferirse a existencia de cesión ilegal de traballadores en atención á existencia dun contrato administrativo cunha entidade mercantil suxeita á lexislación administrativa de Contratos do Sector Público.

A Xurisprudencia emanada dos órganos xurisdiccionais laborais (especialmente ilustrativa a este respecto, vid. STS de 14 de marzo do 2006; STSXG do 20 de novembro do 2005, entre outras) establece, en canto á cesión ilegal de traballadores, que ésta “constitúe un fenómeno complexo, en virtude do cal o empresario real, que incorpora a utilidade patrimonial do traballo e exerce

efectivamente o poder de dirección, aparece substituído no contrato de traballo por un empresario formal...”(STS do 20 de xullo do 2007); igualmente, recentes resolucións xudiciais dictadas pola xurisdicción social en supostos de similares reclamacións fronte ao Concello de Vigo en concepto de cesión ilegal de traballadores desestiman as mesmas, principalmente por estimar que (Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, dictada en autos p.o. 1039/2011, interposta por D. Guillermo González Domínguez contra EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., e o CONCELLO DE VIGO en concepto de cesión ilegal de traballadores; fundamento xurídico 3º):

“1.- Se ben existe un negocio xurídico de concretación entre cedente e cesioanria para facilitar persoal –un convenio de colaboración de carácter administrativo- non concorren os requisitos de empresario formal e contrato de traballo formal, porque as dúas entidades son reais, con actividade e obxecto social propios, e dende logo o contrato de traballo do demandante é real e por quen de verdade exerce as labouras de empresario.

2.- A empresa EULEN facilita os elementos esenciais da prestación do servizo, pero a dirección funcional e o planeamento dos servizos terapéuticos deben ser levados a cabo por técnicos do Concello en coordinación do SERGAS, aínda que é normal que se utilicen medios materiais postos a disposición pola Xunta.

3.- Os traballos que realiza o demandante son de tipo auxiliar e persoal, e que deben ser obxecto de externalización pola Administración (.....)

4.- É igualmente razoable que os medios de produción esenciais para a explotación e realización do servizo pertencen á entidade principal, porque o importante nos supostos de outsourcing é o servizo auxiliar que se ofrece, non os medios que poidan adquirirse ou alugarse. Así ven facilitado pola Lei 30/2007, de contratos do sector público, que permite este tipo de convenios administrativos. Un servizo tan especial e específico como un centro de atención a drogodependentes debe poder ser externalizado pola Administración, posto que require da implicación dalgunha entidade que expresamente poña a disposición persoal para facilitar o cumprimento deste servizo social, co persoal adecuado, que non necesariamente debe pertencer á Administración como funcionario ou como persoal laboral (.....)”.

As prestacións obxecto do contrato xestionado polo Servizo de Participación e Atención Cidadá, segundo se detalla no informe do de data 14/04/2015, en ningún suposto implican o exercicio de potestades ou funcións reservadas exclusivamente a funcionarios públicos (vid. artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou conlevan a necesidade de recurrir a persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas, tendo carácter limitado no tempo a súa execución, e sendo susceptibles de externalización segundo a lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas (NOTA: ata o 16/11/2011 rexía a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, norma aplicable aos contratos administrativos mencionados, rexendo a partires desa data o Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

En igual senso se pronuncia a Sentenza do Xulgado do Social nº1 de Vigo, dictada en autos do p.o. 831/2011, interposto por María Carmen Alonso Costas e 12 máis contra a FUNDACIÓN ALDABA e o CONCELLO DE VIGO, en cuxo fundamento xurídico primeiro, *in fine*, se sinala que:

“Por tanto, non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontrata dun servizo do Concello, que como tal controla a actividade cedida..(....)...a Fundación demandada é unha empresa real con medios materiais, con estrutura, que aportou medios materiais para realizar a labor subcontratada, que exerce poder de dirección, etc, por tanto non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontratación permitida polo artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, polo que debe desestimarse a demanda”.

V.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, e como tamén se contén no acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/08/2013 desestimatorio da reclamación en concepto de recoñecemento de dereito e cantidade interpostos pola reclamante, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).

VI.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTS de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004) concrétese no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realizase unha conducta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.

Doutrina que ten as súas orixes no principio *nemo potest contra proprium actum venire*.

Toda vez que a reclamante tiña pleno coñecemento e capacidade —e obriga legal de telo, nos termos do principio xeral de que “*a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento*” recollida no artigo 6 do Código Civil- no momento de formalización do seu contrato laboral coa súa empregadora do carácter, contido, obxecto e alcance do mesmos, non parece de recibo que se exercite agora a pretensión de recoñecemento dun vínculo laboral contractual inexistente; non parecendo que se teña vulnerado o seu dereito, dado que o modo de xestión do servizo corresponde ao Concello de Vigo e, en todo caso, á empresa adxudicataria nos termos da lexislación en oramtiva aplicable, así como dos correspondentes pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas rectores dos contratos administrativos.

Admitir unha eventual relación laboral entre unha traballadora dunha concesionaria nas condicións indicadas conlevaría unha evidente fraude de lei, non permitida polo ordenamento xurídico nos termos do contemplado no artigo 6, apartado 4, do vixente Código Civil, con consecuencias sumamente negativas no acceso ao emprego público.

VIII.- Debe considerarse especialmente que o lexislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da “relación laboral” -máxime no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado “Medidas en relación coas empresas de servizos contratadas polas AAPP” (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería

adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.

O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

En xusta coherencia co antedito, a reclamación previa debe ser desestimada.

IX.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos das competencias que ostenta por delegación (Decreto Alcaldía e Acordo XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de cesión ilegal de traballadores, recoñecemento de dereito e cantidades) formulada en escrito de data 09/04/2015 (documento nº 150041190) por D^a María Asunción Pérez González, con DNI 36.133.187-A, nos termos do informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá de data 14/04/2015 e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1128).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL EN MATERIA DE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL E DIFERENCIAS SALARIAIS DE D. GABRIEL MARTÍNEZ GIRÁLDEZ, INSPECTOR DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 26873/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 24.09.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal-Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 06/07/2015 (documento nº 150088862) D. GABRIEL MARTÍNEZ GIRÁLDEZ, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, adscrito ao posto de traballo de inspector de medio ambiente e destino no Servizo de Medio Ambiente, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de clasificación profesional e diferencias salariais.

O reclamante manifesta no escrito indicado que realiza unha serie de funcións que entende corresponden á categoría superior de inspector, subgrupo C1 de titulación, reclamando, en consecuencia, un importe económico correspondente ás cantidades deixadas de percibir dende o 01/01/2011 ao 30/06/2015, e as que se devenguen a partires do 01/07/2015.

2.- Solicitado informe técnico, emitido en data 17/07/2015 que obra incorporado ao expediente administrativo, no mesmo indícase o seguinte:

“Recibido neste Servizo de Recursos Humanos Doc 150088862 asinado por D Gabriel Martinez Giraldez, empregado municipal con N.P 77.219, no que solicita:

- *recoñecemento da categoría de Inspector Medio Ambiente, encadrada no Subgrupo C1 de titulacion e con CD 18 e CE 149 (Codg retributivo 255)*
- *aboamento das diferencias salariais entre as retribuciones dos grupos C1 e C2 de titulacion no periodo comprendido entre o 01/01/2011 ata o 30/06/2015 e a partir desta data.*

INFORMASE:

1. *Segundo datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos do Concello de Vigo, D. Gabriel Martínez Giráldez, con dni núm.: 34.872.355-P, é empregado municipal (persoal laboral fixo) desde 01/06/1995, con praza de operario peón, promocionando á praza de oficial xardiñeiro en 01/12/1997. Con data 11/06/1999 é destinado ao servizo de Medio Ambiente para realizar as funcións propias do posto de inspector de Patrimonio Histórico e Medio Ambiente durante a xornada laboral (de 7,30 a 15,00 horas), de luns a venres, sendo adscrito ao posto de Inspector de medio ambiente (cód. 255) do servizo de Medio Ambiente o 01/01/2002.*
2. *En data 20 de setembro de 2010, a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación do EXPTE. 20049/220, no que se propuña a adecuación retributiva de diversos postos, tendo en conta o recollido na lei 7/2007, de 12 de Abril do Estatuto do empregado publico en canto a carreira profesional dos empregados públicos e os Acordos da Mesa Xeral de Negociación nas súas sesións de data 30 de decembro de 2009 e, 4, e 18 de xaneiro de 2010, polo que se acorda a modificación do subgrupo de titulación dos postos de inspectores municipais así como a modificación da súa denominación, ao considerarse que o desempeño das funcións encomendadas esixe un nivel de formación académica correspondente aos grupos C1 de titulación.*
3. *As prazas de Inspector de Medio Ambiente (Número de vacantes: 3. Grupo C1. Escala Administración Especial..Subescala Servizos Especiais; Clase Cometidos Especiais) estan incluídas na quenda de promocion interna da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, aprobada pola Xunta de Goberno en sesion de data 30/12/2010, aínda pendente de executar.*
4. *A Xunta de Goberno Local, en datas 14/03/2011 (Expte . 21841/220), 17/08/2012 (Expte 23105/220) 15/2/2013 (Expte 23868/220) e 24/11/2014 (Expte 24671/220 rectificado por expte 25963/220), acordou o abonamento en concepto de produtividade pola especial*

adicación, interese e iniciativa no desempeño de funcións de categoría superior, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo de Medio Ambiente, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo dado o desempeño efectivo das funcións recollidas para o posto de Inspector Municipal na correspondente guía de funcións aprobadas ao efecto ao persoal adscrito aos postos de Inspectores Municipais, cuías prazas foron obxecto de reclasificación en canto grupo de titulación.

5. *Consecuencia de ditos acordos, abonouse en concepto de produtividade a D Gabriel Martinez Giraldez , N.P.77.219, as cantidades seguintes:*

<i>Expte</i>	<i>Periodo</i>	<i>Importe</i>
<i>21481-220</i>	<i>2010</i>	<i>1.630,88 €</i>
<i>23105-220</i>	<i>2011</i>	<i>1.440,18 €</i>
<i>23868-220</i>	<i>2012</i>	<i>1.319,85 €</i>
<i>24671-220 rectificado por 25963-220</i>	<i>2013-nov 2014</i>	<i>2.698,72 €</i>
	<i>Total</i>	<i>7.089,63 €</i>

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación previa en materia de clasificación profesional e diferencias salariais que conforma o fondo do asunto, debe considerarse o contido do informe emitido pola Técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos en data no cal literalmente se sinala, entre outros aspectos, que:

–*“A Xunta de Goberno Local, en datas 14/03/2011 (Expte . 21841/220), 17/08/2012 (Expte 23105/220) 15/2/2013 (Expte 23868/220) e 24/11/2014 (Expte 24671/220 rectificado por expte 25963/220), acordou o abonamento en concepto de produtividade pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño de funcións de categoría superior, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo de Medio Ambiente, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo dado o desempeño efectivo das funcións recollidas para o posto de Inspector Municipal na correspondente guía de funcións aprobadas ao efecto ao persoal adscrito aos postos de Inspectores Municipais, cuías prazas foron obxecto de reclasificación en canto grupo de titulación.*

–*Consecuencia de ditos acordos, abonouse en concepto de produtividade a D Gabriel Martinez Giraldez , N.P.77.219, as cantidades seguintes:*

<i>–Expte</i>	<i>–Periodo</i>	<i>–Importe</i>
---------------	-----------------	-----------------

-21481-220	-2010	-1.630,88 €
-23105-220	-2011	-1.440,18 €
-23868-220	-2012	-1.319,85 €
-24671-220 <i>rectificado por 25963-220</i>	-2013-nov 2014	-2.698,72 €
-	-Total	-7.089,63 €

Por tanto, consta o aboamento dunha serie de cantidades en concepto de produtividade (incentivo económico ao rendemento contemplado na Lei 36/2014, do 26 de decembro, da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, en canto ao réxime retributivo do persoal laboral ao servizo do sector público) polo cal os traballos susceptibles de ter sido realizados polo reclamante teñen sido aboados.

III.- En calquera caso, un hipotético desempeño de funcións de categoría superior, de ter sido realizado efectivamente, debería terse axustado ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.

Nas mesmas, a Instrucción terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:

“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area

A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos..

En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.

O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”

Circunstancia que, de acaecer, en todo caso se produxo baixo a exclusiva responsabilidade da xefatura do servizo de destino, que permitiu o desempeño de funcións distintas sen axustarse ao procedemento establecido para a autorización do desempeño de funcións aprobado pola Xunta de Goberno Local e anexas à Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010).

IV.- De calquera xeito, non procedería o recoñecemento da categoría superior, em atención ao sistema de corpos, escalas e clases que recolle o Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en cuxos artigos 167 a 177 se

contempla o réxime do persoal ao servizo das Entidades Locais, estruturado nun sistema de corpos, escalas e clases, ao cal non pode ser alleo o persoal laboral, que ten a categoría de empregado público, segundo dispón o artigo 8 da Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, que indica que:

“1. Son empleados públicos quienes desempeñan funciones retribuidas en las Administraciones Públicas al servicio de los intereses generales.

2. Los empleados públicos se clasifican en:

- a) Funcionarios de carrera.*
- b) Funcionarios interinos.*
- c) Personal laboral, ya sea fijo, por tiempo indefinido o temporal.*
- d) Personal eventual.”*

O persoal laboral fixo ao servizo do Concello de Vigo ten idénticos dereitos e sistemas de carreira e promoción profesional, así como idéntica estrutura retributiva, que o persoal funcionario de carreira, derivado da equiparación que realiza o vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación o 28/12/1998.

En concreto, a promoción profesional debe materializarse inexcusablemente a través dos sistemas que ao efecto contempla o marco legal aplicable, que son os procesos selectivos con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade (vid. Artigo 14 da Constitución de 1978 en relación co disposto no artigo 19 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público). Por tanto, non sería procedente nin axustado a Dereito o recoñecemento de oficio de categoría profesional por parte da Administración, considerando que constituiría unha vulneración do dereito constitucional á igualdade en detrimento dos restantes efectivos públicos en idéntica situación, debendo indicar que, unha vez realizados os procesos selectivos para a promoción interna pendentes de execución, e de resultar nomeado o reclamante pro ter superado a totalidade dos exercicios ao efecto, será cando proceda á exercer as funcións propias e inherentes a un posto de categoría superior.

V.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; e coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos da delegación competencial efectuada (Decreto da Excma. Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de datas 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de clasificación profesional e diferencias salariais formulada en escrito de data 06/07/2015 (documento nº 150088862) por D. GABRIEL MARTÍNEZ GIRÁLDEZ, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, adscrito ao posto de traballo de inspector de medio ambiente e destino no Servizo de Medio Ambiente, nos termos do informe técnico emitido ao presente expediente, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer unicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da

notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1129).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE MARZO E XULLO 2015. EXPTE. 26927/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.09.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 3.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de Marzo e Xullo-2015 (Alcaldía, Extinción Incendios, Policía Local, Inspección Vías e Obras, Ospio, Vías e Obras, Parque Central, Parque Móbil, Limpeza e Seguridade e Mobilidade.

Nº DOCUMENTO	SERVIZO	MES	Nº HORAS	EXPT. AUTORIZACION
150102834	Alcaldía (Condutores)	Xullo-2015	232'00	
150102913	Extinción de Incendios	Xullo-2015	2.893'00	
150101000	Policia Local	Xullo-2015	540'30	
150100887	Inspección Vías e Obras	Marzo-2015	32'00	26111/220
150038950				
150102574	Ospio	Marzo-2015	64'00	26113/220
150099873	Vías e Obras	Marzo-2015	55'00	26109/220
150100107			15'00	
150099858	Parque Central	Marzo-2015	48'00	26110/220

Nº DOCUMENTO	SERVIZO	MES	Nº HORAS	EXPT. AUTORIZACION
150100611			53'00	
150099866	Parque Móbil	Marzo-2015	32'00	26107/220
150099852	Limpeza	Marzo-2015	32'00	26115/220
150101062			16'00	
150087141	Seguridade e Mobilidade	Marzo-2015	25'00	91987/220

Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal , servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do numero de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local , amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 26927-220 e que se corresponden cos Documento nº 150102834 (Alcaldía), Documento nº 150102913 (Extinción de Incendios), Documento nº 150101000 (Policía Local), Documento nº 150027295 (Inspección Vías e Obras), Documento nº 150088979 (Ospio), Documentos nº 150067955, 150100887, 150038950 (Inspección Vías e Obras), Documentos nº 150102574 (Ospio), Documentos nº 1500999873 e 150100107 (Vías e Obras) Documentos nº 150099858 e 150100611 (Parque Central), Documento nº 150099866 (Parque Móbil), Documento nº 150099852 (Limpeza) e Documento nº 150087141 (Seguridade e Mobilidade) figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 42569.86€, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propón-se á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIONES, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Xullo-2015	232'00	De Vázquez Martínez, Manuel A. a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	Xullo-2015	2.893'00	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Villar Gutierrez, Alberto
Policia Local	Xullo-2015	540'30	De Alonso Caride, Constante a Vigo Quirós, Emilio
Inspección Vías e Obras	Marzo-2015	32'00	De Matilde Viñas, J. Eugenio a Villar Estévez, Raimundo
Ospio	Marzo-2015	64'00	De Ferro Macho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón
Vías e Obras	Marzo-2015	55'00	De Alonso Iglesias, Manuel a Rodríguez Lestón, Bernardo
Parque Central	Marzo-2015	48'00	De Comesaña Davila, José A. a Rodríguez Leiros, Alfonso
Parque Móbil	Marzo-2015	32'00	De Gil González, Antonio a Romero Cobas, José Luis
Limpeza	Marzo-2015	32'00	De Alonso González, Angel a Garrido Marcos, Jesús Manuel
Seguridade e Mobilidade	Marzo-2015	25'00	De Garcia Alfonso, Juan Jesús a Bacelos González, José

O montante do presente expediente ascende a un total de 42569.86 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1130).- GRATIFICACIÓN SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL, PERSOAL SERVIZO CEMITERIOS, AGOSTO 2015. EXPTE. 27005/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.09.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de

Recursos Humanos, do 4.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

Con data 31/08/2015, a xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e praxe da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de Agosto 2015, así como as datas de realización de dito exceso.

A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 471 horas.

Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da "actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuírase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada".

Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.

O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.

Compróbase por parte deste Servizo de Recursos Humanos que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.

A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc

No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 31/08/2015 figura relación das datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Agosto de 2015, na que figura Nº de Persoal, nome, data e horario de realización do exceso de xornada.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da

normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que éste está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓN CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacions”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de Agosto de 2015, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado f) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacions”, por importe total de 1105,40 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	552,70.- euros
13570	Hermida Rodriguez, Jose Luis	552,70.- euros
	IMPORTE TOTAL.....	1105,40.- euros

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1131).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AO MES DE AGOSTO 2015. EXPTE. 27063/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.09.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 21.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Agosto (inclúe horas de xullo) de 2015, todas elas co visto e praxe dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), establece que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Agosto	160,00	643,20 €	16,00	43,52 €	686,72
Policía Local	Agosto	9466,17	38.054,06 €	8234,41	22.397,61 €	60.451,67
Cemiterios	Agosto	630,75	2.535,61 €	0,00	0,00	2.535,61
Extinción de Incendios	Agosto	2837,00	11.404,74 €	997,00	2.711,84 €	14.116,58
Vías e Obras	Xullo	56,00	225,12 €	0,00	0,00 €	225,12
Parque Móbil	Agosto	81,00	325,62 €	183,00	497,76 €	823,38
Turismo	Agosto	161,00	647,22 €	0,00	0,00 €	647,22
Parque Central	Agosto	264,00	1.061,28 €	279,00	758,88 €	1.820,16
Limpeza	agosto	12,00	48,24 €	480,00	1.305,60 €	1.353,84
TOTAL		13.667,92	54.945,09	10189,41	27.715,21 €	82.660,30

As relacións de persoal propostas para o aboamento en concepto de gratificacións por nocturnidade e/ou festividade contidas no expediente pertencen aos servizos de Alcaldía, Extinción de Incendios, Policía Local, Cemiterios, Vías e Obras, Parque Móbil, Turismo, Parque Central e Limpeza.

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Número de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en

xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.

De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:

No caso dos choferes de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía, no mes de Agosto de 2015.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da área, de data 07/09/2015.

Proponse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Vías e Obras.- O xefe da unidade de Mantemento de Vías Municipais co conforme do concelleiro-delegado, informa dos traballos realizados, así como as datas e horario de ditos servizos, e que motivaron o recargo de festividade.

Parque Móbil.- en informes de data 11/09/2015, o xefe do Parque Móbil remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Turismo.- tal e como se recolle no informe da Xefa de Turismo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo, con horario ininterrompido de luns a domingos entre as 10,00 e as 17,00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Parque Central.- en informes de data 03/09/2015, o xefe da Área de Servizos Xerais remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Legislativo

2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Agosto	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	643,20 €	43,52	686,72
Policía Local	Agosto	De Abalde Casanova, Jesús Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	38.054,06 €	22.397,61	60.451,67
Cemiterios	Agosto	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.535,61 €	0,00	2.535,61
Extinción de Incendios	Agosto	De Alonso Barcia, Rubén a Villar Dominguez, Manuel	11.404,74 €	2.711,84	14.116,58
Vías e Obras	Xullo	De Bastos Román, Jesús a Rodríguez Rocha, Rodrigo	225,12 €	0,00	225,12
Parque Móbil	Agosto	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	325,62 €	497,76	823,38
Turismo	Agosto	De Barreiro Fidalgo, Natalia a García Oliveira, M ^a José	647,22 €	0,00	647,22
Parque Central	Agosto	De Comesaña Fernández, Luis a Rodríguez Leiros, Alfonso	1.061,28 €	758,88	1.820,16
Limpeza	agosto	De Alvarez Escudero, Fabio a Vila Ibañez, Raúl	48,24 €	1.305,60	1.353,84
TOTAL			54.945,09	27.715,21	82.660,30

*Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de **82.660,30€**, con cargo a partida presupostaria **920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.S.**”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1132).- GASTOS LOCOMOCIÓN DE VARIOS SERVICIOS MUNICIPAIS DENDE XANEIRO A AGOSTO 2015. EXPTE. 27091/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.09.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 25.09.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

No Servizo de Recursos Humanos teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos aos desprazamentos por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Desenvolvemento e Emprego, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Servizos Económicos (Inspección), Cemiterios e Benestar Social.

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un total de 7.363,17€.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétase no listado subseguinte -que comeza por D. Eugenio Cobas Rey e que remata en Dna. Rosa Vázquez-Noguerol Paramós-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
74677-250 74771-250 75044-250	VÍAS E OBRAS	Cobas Rey, Eugenio	36017739-S	15467	Xuño-Agosto	589,57 €
		Gómez Pascual, Julio	34901122-W	11819	Xuño-Agosto	539,03 €
		Matilde Viñas, José Eugenio	36000551-P	11831	Xuño-Agosto	734,54 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36009349-C	10694	Xuño-Agosto	725,42 €
		Oujo Gerut, Ventura	36019537-L	17740	Xuño-Agosto	770,64 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	Xuño-Agosto	895,85 €
150113331	OSPIO	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	agosto	149,72 €
150112815		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	agosto	135,28 €
150112830		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	agosto	265,62 €
150112847		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	agosto	292,03 €
12185-77	DESENVOLVEM	Gutiérrez Orúe, Francisco	13.894.232-R	13920	Xullo-agosto	38,86 €
150116900	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	agosto	164,73 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	agosto	302,29 €
150100760	MOBILIDADE	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	agosto	193,23 €
		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	agosto	187,91 €
		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	agosto	49,02 €
31926-502	SZOS ECON.	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Maio	204,63 €
31927-502		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Maio	239,97 €
31928-502		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Maio	254,60 €
31929-502		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	9361	Maio	252,13 €
31930-502						
31931-502		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Maio	251,18 €
10629-255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	agosto	110,96 €
105091-301	BENESTAR SOC.	Vázquez-Noguerol Paramós, Rosa	36.069.110-G	80488	Xaneiro-Marzo	15,96 €
TOTAL						7.363,17 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 24 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.

II.- Artigos 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguíntes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

A C O R D O :

“Aprobar o gasto por un importe de 7.363,17 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Eugenio Cobas Rey e que remata en Dna. Rosa Vázquez-Noguerol Paramós-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Das seguintes partidas funcionais:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
74677-250 74771-250 75044-250	VÍAS E OBRAS	Cobas Rey, Eugenio	36017739-S	15467	Xuño-Agosto	589,57 €
		Gómez Pascual, Julio	34901122-W	11819	Xuño-Agosto	539,03 €
		Matilde Viñas, José Eugenio	36000551-P	11831	Xuño-Agosto	734,54 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36009349-C	10694	Xuño-Agosto	725,42 €
		Oujo Gerut, Ventura	36019537-L	17740	Xuño-Agosto	770,64 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	Xuño-Agosto	895,85 €
150113331	OSPÍO	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	agosto	149,72 €
150112815		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X			
150112830		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	agosto	265,62 €
150112847		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K			
12185-77	DESENVOLVEM	Gutiérrez Orúe, Francisco	13.894.232-R	13920	Xullo-agosto	38,86 €
150116900	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	agosto	164,73 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	agosto	302,29 €
150100760	MOBILIDADE	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	agosto	193,23 €
		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	agosto	187,91 €
		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	agosto	49,02 €
31926-502	SZOS ECON.	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Maio	204,63 €
31927-502		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Maio	239,97 €
31928-502		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Maio	254,60 €
31929-502		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	9361	Maio	252,13 €
31930-502						
31931-502		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Maio	251,18 €
10629-255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	agosto	110,96 €
105091-301	BENESTAR SOC.	Vázquez-Noguerol Paramós, Rosa	36.069.110-G	80488	Xaneiro-Marzo	15,96 €
TOTAL						7.363,17 €

	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	5.097,70 €
9240	Participación Cidadá-Desenvolvemento Local	38,86 €
9200	Conserxería	467,02 €
1330	Mobilidade e Seguridade	430,16 €
9320	Servizos Económicos	1.202,51 €
1640	Cemiterios	110,96 €
2310	Benestar Social	15,96 €
	TOTAL	7.363,17 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1133).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DO ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL-PERSOAL:

A) SOLICITUDE REDUCIÓN DE XORNADA COA CORRESPONDENTE REDUCIÓN DE RETRIBUCIÓNS DE DNA. LARA RODRÍGUEZ RIAL. EXPTE. 26995/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de RR HH de data 23/09/15:

“A medio de escrito de data 28/08/2015 (doc. nº 150110120), D^a Lara Rodríguez Rial, con DNI nº 36.091.020-H e nº persoal 80574, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Limpeza, solicita se lle conceda unha redución de xornada de un unha hora e trinta minutos por motivos de conciliación familiar, coa correspondente diminución proporcional do seu salario, dende o 28 de setembro de 2015.

O Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Con data 11/09/2015 pola xefatura do Servizo de Limpeza, infórmase que atendendo á motivación exposta non existe inconveniente a realización de dita xornada.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediate do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal-Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 19 de xuño de 2015, sométese a súa consideración, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Único.- Autorizar a D^a Lara Rodríguez Rial, con DNI nº 36.091.020-H e nº persoal 80574, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Limpeza unha redución de xornada de unha hora e trinta minutos coa correspondente redución de retribucións de conformida-

de co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público e a vista do informe favorable da Xefatura do Servizo, dende 28/09/2015.

A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Limpeza, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, con data 24/09/15, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

B) AUTORIZACIÓN REALIZACIÓN HORAS EXTRAS AO PERSOAL DA OSPIO PARA O 4º TRIMESTRE 2015. EXPTE. 27048/220.

Dáse conta do informe-proposta do 23/09/15, do técnico de Organización de RR HH conformado pola xefa do servizo:

“ANTECEDENTES

1.- En data 01/09/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para a Oficina de Proxectos (OSPIO), asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Nome
Axudante de Oficios	Ospio	79185	Ferro Macho, Ángel
Inspector Obras	Ospio	17489	Lobato Cameselle, Ricardo
Inspectora control concesionarias	Ospio	78929	Romero Gil-Delgado, Loreto
Inspector de Vías y Obras	Ospio	13273	Rial Vázquez, Ramón

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 192 horas, a realizar durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2015, para realizar os traballos de inspección e control das distintas humanizacións da cidade.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 01/09/2015 ordeou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen

prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados ven definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito a Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, que seguidamente se indica:

<i>Nº Persoal</i>	<i>Apelidos e Nome</i>
<i>79185</i>	<i>Ferro Macho, Ángel</i>
<i>17489</i>	<i>Lobato Cameselle, Ricardo</i>
<i>78929</i>	<i>Romero Gil-Delgado, Loreto</i>
<i>13273</i>	<i>Rial Vázquez, Ramón</i>

A presente autorización outórgase nun máximo total de 192 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de outubro ao 30 de decembro de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe da Oficina de Proxectos en data 01/09/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, con data 24/09/15, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

C) **AUTORIZACIÓN REALIZACIÓN HORAS EXTRAS AO PERSOAL DO TALLER DE VÍAS E OBRAS PARA O 4º TRIMESTRE 2015. EXPTE. 27049/220.**
Dáse conta do informe-proposta do 23/09/15, do técnico de Organización de RR HH conformado pola xefa do servizo:

"ANTECEDENTES

1.- En data 02/09/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal do Taller de Vías e Obras, asinadas polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Apelidos e Nome
Capataz	Parque Central de Servizos	13669	Martínez González, José Manuel
Capataz	Parque Central de Servizos	13681	Rodríguez Prieto, Federico
Capataz	Parque Central de Servizos	17348	Mariño Sanromán, Roberto
Axudante de Oficinos	Parque Central de Servizos	78823	Amoedo Cabaleiro, José Luis
Oficial fontaneiro	Parque Central de Servizos	13787	Domínguez Alonso, Daniel

<i>Oficial fontaneiro</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>17779</i>	<i>Vázquez de Francisco, José Luis</i>
<i>Xefe de Equipo</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>13480</i>	<i>Alonso Correa, José Fernando</i>
<i>Axudante de Oficios</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>80395</i>	<i>Portomeñe Correia, Lucía</i>
<i>Oficial carpinteiro</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>79148</i>	<i>Fernández González, Miguel Angel</i>
<i>Oficial carpinteiro</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>77221</i>	<i>Castro Regueira, José Carlos</i>
<i>Oficial pavimentador</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>17360</i>	<i>Bastos Román, Jesús</i>
<i>Oficial pavimentador</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>76566</i>	<i>López Rivera, Juan Ramón</i>
<i>Oficial pavimentador</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>17408</i>	<i>Rodríguez Rocha, Rodrigo</i>
<i>Oficial pavimentador</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>17390</i>	<i>Alonso Cue, Ángel</i>
<i>Oficial pavimentador</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>81662</i>	<i>González Barros, Delio</i>
<i>Oficial pavimentador</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>80672</i>	<i>Martínez Barreiro, José Manuel</i>
<i>Xefe de Equipo</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>79133</i>	<i>Calles Santos, Primitivo</i>
<i>Oficial Albanel</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>80492</i>	<i>Martínez Vieitez, José Manuel</i>
<i>Axudante de Oficios</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>82150</i>	<i>Gutiérrez Luis, José Manuel</i>
<i>Oficial conductor</i>	<i>Parque Móbil</i>	<i>77650</i>	<i>Fernández Riveiro, Javier</i>
<i>Oficial conductor</i>	<i>Parque Móbil</i>	<i>13221</i>	<i>Prieto Domínguez, Florentino</i>
<i>Oficial conductor</i>	<i>Parque Móbil</i>	<i>80659</i>	<i>Carballo Magariños, Jesús</i>
<i>Oficial conductor</i>	<i>Parque Móbil</i>	<i>15881</i>	<i>Alonso Iglesias, Manuel</i>
<i>Oficial conductor</i>	<i>Parque Móbil</i>	<i>82143</i>	<i>Graña Feijoo, David</i>
<i>Oficial conductor</i>	<i>Parque Móbil</i>	<i>82144</i>	<i>Troncoso Martínez, Avelino</i>
<i>Oficial almaceneiro</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>11854</i>	<i>Rodríguez Lestón, Bernardo</i>
<i>Xefe de equipo</i>	<i>Parque Central de Servizos</i>	<i>17354</i>	<i>Pérez Fernández, José Alfonso</i>

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 1.050 horas, a realizar durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2015, para canalización de augas pluviais, arranxo de afundimentos en calzadas e beirarrúas, limpeza e desatoamento de reixas e entubados de augas pluviais, selado de camiños despois do asfaltado, subministro de materiais e apoio loxístico equipos programa VIGO EMPREGA, Retirada de rebouzas dos camiños, colocación de placas e bastidores para inauguracións, Inspección de traballos contratados externamente e Estendido de sal por mor das xeadas.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 02/09/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón dunha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se

trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

A área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, coa finalidade de mellorar os espazos de convivencia veciñal e, continuar no seu compromiso non só de garantir a participación da cidadanía senón tamén a promovela activamente, mediante o fomento do asociacionismo, en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., xa que este fomento entre a poboación, permite detectar, propor e colaborar na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, solucionando problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

En relación coa competencia compre dicir que tanto a lexislación do Estado como a da Comunidade Autónoma galega recoñecen aos concellos competencias para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá.

A Comunidade Autónoma de Galicia, que ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución e de acordo co artigo 27.2 do Estatuto, aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, indicando na súa exposición de motivos que o eixe fundamental da lei debe seguir sendo o artigo 2.1 da Lei 7/1982, do 2 de abril (LBRL), que na súa redacción actual derivada da reforma da Lei 27/2013, continúa facendo referencia a que para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e, como engade agora a reforma, con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade coa a Sentenza do Tribunal Constitucional 214/1989, do 21 de decembro.

A mencionada Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, establece no seu artigo 3.3, apartado b), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, e na disposición adicional primeira que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio. Neste sentido cómpre subliñar que o seu obxecto corresponde a materias competencia do Concello segundo os artigo 72 e 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril e o 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo.

Tendo en conta a existencia de espazos de propiedade privada e uso público, ten previsto realizar unha convocatoria de subvencións e regular a concesión de axudas para a realización de actuacións privadas que tendan á reurbanización das prazas ou espazos calificados como privados de uso público, e que os particulares teñan o deber de conservación e mantemento dos mesmos, se entende reurbanización, aos efectos destas bases, a segunda ou posteriores urbanizacións ou melloras da urbanización existente.

A finalidade da concesión das axudas é a de fomentar a reparación e incluso a reforma dos espazos de propiedade privada de uso público que presenten un avanzado estado de deterioro, debido entre outros factores a degradación natural dos seus materiais e a súa falta de mantemento continuada, co fin de garantir o seu uso público de xeito libre e grauíto.

A esta convocatoria, poderán acollerse á presente convocatoria de subvención as Comunidades de Propietarios ou Mancomunidades constituídas por edificios divididos horizontalmente, titulares do solo calificado como espazo libre de propiedade privada para uso público, que soliciten axuda a tales efectos, e que deberán destinar o importe íntegro da axuda ao pago das correspondentes actuacións, con independencia de que, tanto o importe da mesma como o custo das obras, deba repercutirse nos propietarios de vivendas e locais, de conformidade coas regras previstas na lexislación de Propiedade Horizontal.

O importe total das axudas a conceder non excederá do límite de 65.000 euros e financiarase con cargo á partida orzamentaria 9240 7800000 "Prazas de uso público" do orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo na data 13 de xuño de 2014 (prorrogado por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente de data 22 de decembro de 2014) e, a contía da subvención será do cincuenta por cento (50%) do orzamento protexíbel. En todo caso, o importe da subvención terá o límite máximo de trinta mil euros (30.000,00 €) por proxecto.

O procedemento de concesión destas modalidades de subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as Comunidades de Propietarios ou Mancomunidades constituídas cumpran os requisitos para ser beneficiarias establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

Así mesmo, a Comisión de Valoración e Seguimento solicitará informe á persoal técnico municipal dos proxectos presentados, de cara a posibilitar no seu día o control necesario para a verificación do cumprimento do proxecto na fase de xustificación da subvención, momento no que se requirirá novo Informe do mencionado Técnico para certificar o cumprimento do investimento realizado.

Á vista do exposto, e unha vez realizadas as recomendacións expostas no informe da Intervención Municipal de data 14-09-2015 (cambio do prazo máximo para a xustificación das subvencións e corrección do Anexo X) e, de conformidade art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 1 e 5, da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- APROBAR a convocatoria e bases reguladoras das "AXUDAS Á REALIZACIÓN DE OBRAS DE REURBANIZACIÓN NAS PRAZAS OU ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO DE VIGO", de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás Comunidades de Propietarios ou Mancomunidades constituídas, que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, por unha contía total de 65.000,00 € (sesenta e cinco mil euros).

SEGUNDO.- APROBAR, como modelos oficiais, os dez modelos normalizados, de solicitudes, información complementaria, memoria económica, cartelería e renuncia, que acompañan, como "Anexos", denominados do "I" ao "X", ás bases reguladoras das

“AXUDAS Á REALIZACIÓN DE OBRAS DE REURBANIZACIÓN NAS PRAZAS OU ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO DE VIGO”.

TERCEIRO.- PUBLICAR, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras das “AXUDAS Á REALIZACIÓN DE OBRAS DE REURBANIZACIÓN NAS PRAZAS OU ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO DE VIGO” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo, conforme ao art. 14.1 da LSG, publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes, que se computarán de conformidade co art. 48 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC. Así mesmo, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

CUARTO.- AUTORIZAR o gasto, por importe de 65.000,00 € (sesenta e cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria 9240 7800000 “Prazas de uso público” do orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo na data 13 de xuño de 2014 (prorrogado por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente de data 22 de decembro de 2014)

QUINTO.- RECURSOS: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2015 DAS “AXUDAS Á REALIZACIÓN DE OBRAS DE REURBANIZACIÓN NAS PRAZAS OU ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO DE VIGO”

BASE 1ª.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. OBXECTO

1.1.1. O obxecto da presente convocatoria de subvencións é regular a concesión de axudas para a realización de actuacións privadas que tendan á reurbanización das prazas ou espazos cualificados como privados de uso público, e que os particulares teñan o deber de conservación e mantemento dos mesmos, realizadas ou pendentes de levar a cabo no ano 2015, dende o un de xaneiro ata o 30 de setembro, no termo municipal de Vigo.

1.1.2. Se considerará reurbanización, aos efectos destas bases, a segunda ou posteriores urbanizacións ou melloras da urbanización existente.

1.2. FINALIDADE

A finalidade da concesión das axudas é a de fomentar a reparación e incluso a reforma dos espazos de propiedade privada de uso público que presenten un avanzado estado de deterioro, debido entre outros factores a degradación natural dos seus materiais e a súa falta de mantemento continuada, co fin de garantir o seu uso público.

1.3. COMPATIBILIDADE

As subvencións serán en todo caso compatibles coas que puidera conceder calquera outra Administración Pública ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, para a mesma finalidade.

O solicitante ou subvencionado estará obrigado a comunicar ao Concello de Vigo o importe das axudas, auxilios, subvencións, exencións, etc. solicitadas ou concedidas que financien a actuación subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actuación subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

1.4. DESTINATARIOS/AS

1.4.1. Poderán acollerse á presente convocatoria de subvención as Comunidades de Propietarios ou Mancomunidades constituídas por edificios divididos horizontalmente, titulares do solo cualificado como espazo libre de propiedade privada para uso público, que soliciten axuda a tales efectos.

1.4.2. Os/as beneficiarios/as destinarán o importe íntegro da axuda ao pago das correspondentes actuacións, con independencia de que, a parte non subvencionada do custo das obras, deba repercutirse nos propietarios de vivendas e locais, de conformidade coas regras previstas na lexislación de Propiedade Horizontal. De conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso, o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

1.4.3. Non poderán obter a condición de beneficiaria as Comunidades de Propietarios ou Mancomunidades nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.4.4. Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas, as sinaladas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e as que se sinalan nestas bases reguladoras e convocatoria específica.

1.5. REQUISITOS DAS ACTUACIÓNS

1.5.1. Deberán desenvolverse no termo municipal de Vigo, no ano 2015 e no período da convocatoria (dende o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro)

1.5.2. Non serán subvencionables as actuacións que respondan exclusivamente a parciais pavimentacións do total espazo público, nin a individualizadas substitucións do mobiliario urbano, xardinería e arborado, nin a actuacións parciais en infraestruturas existentes.

1.5.3. As obras deben contar coa preceptiva licenza municipal de obras ou, no seu caso, ter presentado comunicación previa. De non ter a licenza de obras no momento da convocatoria das axudas admitirase a presentación da solicitude de licenza na Xerencia Municipal de Urbanismo; sen prexuízo da presentación da resolución de concesión da licenza no momento da xustificación e antes do pago da subvención, tanto nos pagos a conta o como no seu importe final.

1.6. FINANCIAMENTO

O importe total das axudas a conceder non excederá do límite de 65.000 euros e financiarase con cargo á partida orzamentaria 9240 7800000 "Prazas de uso público" do orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo na data 13 de xuño de 2014 (prorrogado por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente de data 22 de decembro de 2014).

1.7. ACTUACIÓNS E CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

1.7.1. O orzamento protexíbel ou subvencionable, aos efectos do cálculo da subvención, está constituído polo orzamento de execución material das obras reflectido no proxecto técnico ou memoria valorada mais o beneficio industrial e os gastos xerais.

O orzamento de execución material deberá coincidir co consignado na licenza de obras ou que se teña aportado coa comunicación previa.

1.7.2. Non serán subvencionables os conceptos seguintes:

- Os gastos relativos a redacción de proxectos ou memorias técnicas de obra,
- Os gastos de dirección de obra,
- Os gastos de coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra,
- Os gastos e custos financeiros que sexan consecuencia da inversión.
- Os impostos e taxas municipais derivados da tramitación das preceptivas licenzas ou outros tributos municipais.

1.8. CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS AXUDAS

A contía da subvención non poderá superar o cincuenta por cento (50%) do orzamento protexíbel. En todo caso, o importe da subvención terá o límite máximo de trinta mil euros (30.000,00 €) por proxecto.

1.9. CONTRATACIÓN DAS OBRAS.

1.9.1. O/a beneficiario/a poderá contratar a totalidade das obras proxectadas coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos/as profesionais competentes que consideren mais oportuno.

1.9.2. Non se poderá contratar dita obra con persoas ou entidades nas que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e artigo 27.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

1.9.3. O/a beneficiario/a deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes construtores, con carácter previo á contratación da obra.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación, se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía na proposta económica mais vantaxosa.

No suposto de ter iniciados as obras antes da publicación da convocatoria e non tivera solicitado as tres ofertas preceptivas, se acompañará memoria xustificativa dos motivos da contratación e que a calidade e prezo da oferta sexa conforme a prezos de mercado.

1.10. OBRIGAS

As Comunidades ou Mancomunidades de propietarios subvencionadas se obrigan a:

a) Executar a actuación conforme á documentación técnica presentada, normativa urbanística de aplicación e Licenza de obras obtida, así como acreditar a realización da inversión na forma, prazo e condicións que se regulan nas presentes bases, sendo da súa responsabilidade tanto as actuacións a efectuar neste ámbito, como o control e seguridade das obras.

b) Asumir a achega económica pola diferenza entre o importe da cantidade concedida e o custo total da obra para a que se solicita a subvención.

c) Facer constar a participación do Excmo. Concello no financiamento das obras obxecto da subvención, mediante a colocación dos soportes correspondentes, conforme á normativa vixente e no idioma galego. Deberá incluír a imaxe institucional do Concello de Vigo.

d) Facilitar durante todo o procedemento as visitas de inspección dos técnicos municipais das obras obxecto de subvención, reservándose o Excmo. Concello a posibilidade de incoar expediente de anulación ou reposición da cantidade subvencionada, si se comprobase a desviación da subvención a finalidades completamente alleas ás acordadas.

e) Obter a licenza municipal de obras, de ser esixible conforme a normativa urbanística.

f) Solicitar e aportar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores conforme ao establecido no punto 1.9 destas bases.

g) Aboar as taxas, impostos e demais gastos derivados da execución da inversión.

h) Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

i) Comunicar ao Servizo de Participación Cidadá e cunha antelación, polo menos, de vinte días, a data de inicio da actuación.

j) Comunicar calquera eventualidade ou modificación na execución dos proxectos ou memorias presentadas que supoña menor execución de unidades de obra. Comunicarase no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzan ou coñeza e, en todo caso, antes da resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación á baixa na concesión da presente subvención; que poderá ser acordada se concorren os seguintes requisitos:

- Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.
- Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.
- Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda.

m) Comunicar ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.

n) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

ñ) Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegada.

BASE 2ª.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN. NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

2.1. INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

Por concorrer razóns de interese público e social, debido á natureza da actuación a subvencionar e a particularidade que revisten as actuacións e, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo, na páxina web do concello www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual no correo electrónico ou enderezo postal indicado na solicitude.

A resolución do procedemento se producirá no prazo máximo de 3 meses contados a partir do día seguinte no que a solicitude formulada polo/a interesado/a tivera entrada no rexistro do órgano competente para tramitala.

O transcurso do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos inteeresados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 43.3.b) da Lei 30/1992.

Contra estas bases e as resolucións ou acordos administrativos que se adopten na súa aplicación, poderase interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

2.2. COMISIÓN DE VALORACIÓN E SEGUIMIENTO

A Comisión de Valoración e Seguimento estará composta polos seguintes membros:

- O concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos ou persoa en quen delegue que actuará como Presidente.*
- O Xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá.*
- Un/unha funcionario/a do servizo de Participación e Atención Cidadá.*

A Comisión de valoración e Seguimento, solicitará informe a persoal técnico municipal, dos proxectos presentados, de cara a posibilitar no seu día o control necesario para a verificación do cumprimento do proxecto na fase de xustificación da subvención, momento no que se requirirá novo Informe do mencionado Técnico para certificar o cumprimento do investimento realizado.

As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada.

A Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirle á empresa executora das obras ou entidade beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

2.3. CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario para iso.

2.4 A ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

Os/as beneficiarios das axudas deberán comunicar por escrito, ao servizo de Participación Cidadá, a aceptación ou renuncia á subvención concedida, nun prazo de dez días naturais,

contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da resolución. Transcorrido este prazo sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

BASE 3ª.- SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

3.1. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes achegaranse, segundo modelo normalizado (Anexo I) e terán que ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada), cuberta e asinada:

- Código de Identificación Fiscal (CIF) da Comunidade ou Mancomunidade de propietarios.
- Documento Nacional de Identidade (DNI) da persoa que actúa no seu nome e representación, e documentación que acredite tal representación (certificación secretario/a, acordo do órgano de goberno, acta onde fose nomeado...)
- Documentación acreditativa da constitución da Comunidade ou Mancomunidade de Propietarios e os seus Estatutos.
- Documentación acreditativa da propiedade do solo obxecto de reurbanización (escritura pública, nota simple...).
- Certificado/s no seu caso, da/s acta/s da/s reunión/s da Comunidade ou Mancomunidade de Propietarios onde se acorde, coa maioría legalmente esixida:
 - a execución da obra proxectada,
 - a aprobación do orzamento de execución das obras,
 - a participación no procedemento de concesión de subvencións,
 - o nomeamento dun representante para a xestión do expediente de subvención,
- Proxecto técnico da actuación a realizar ou, no caso de actuacións que non esixan proxecto, memoria técnica que describa as obras a realizar e a súa adecuación ao Código Técnico da Edificación, subscripta por facultativo competente. En calquera caso, o proxecto ou a memoria técnica deberá constar como mínimo de:
 - Memoria explicativa das características técnicas e de adecuación propostas,
 - Planos do estado actual e estado reformado,
 - Orzamento da actuación proxectada. O orzamento de execución material deberá estar definido por Capítulos e desagregado nas diferentes partidas cos seus prezos unitarios descompostos.
 - Reportaxe fotográfica do/s espazo/s onde se van a realizar as obras.
 - Calendario de execución da intervención a realizar.

En ambos casos se incluírá un apartado xustificativo do cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade.

En ningún caso poderán dar lugar ao peche ao uso público do espazo libre e deberán resultar conformes coa regulación urbanística vixente.

- Licenza municipal de obras concedida (no seu defecto, copia do resguardo da solicitude da mesma) ou, no seu caso, presentación de comunicación previa, que sexa precisa

para a realización da obra. As obras sinaladas nestas deberán coincidir en descrición e orzamento coas indicadas na solicitude.

- Declaración no seu caso, das subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades públicas ou privadas, Administracións ou particulares para a execución das mesmas obras e o seu importe (Anexo IV)
- Certificacións de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co artigo 23.3 RLXS.

En todo caso, o Servizo de Participación Cidadá comprobará de oficio que os solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

- Declaración de non atoparse o solicitante inhabilitado para recibir axudas e subvencións da Administración Pública conforme ao disposto na lexislación vixente (Anexo II)
- Certificado bancario acreditativo de que a conta onde desexen que se ingresen as subvencións figura a nome do solicitante.

Se poderá engadir canta documentación ou información se xulgue oportuna para avaliar a solicitude.

3.2. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), dirixiranse á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte á data de publicación destas bases reguladoras e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As solicitudes presentadas fóra de prazo non serán tidas en conta polo órgano competente para a resolución.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido o dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

3.3. EMENDA DE ERROS

Se a solicitude non estivera debidamente cuberta, presentase defectos e/ou non incluírá algunha documentación esixida nesta base 3ª, se requirirá á persoa solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), emende as faltas ou achegue os documentos requiridos, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido da súa petición, arquivándose o expediente previa resolución segundo ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

BASE 4ª.- TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

4.1. XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO

O prazo no que o proxecto ou memoria técnica subvencionado deberá estar executado na súa totalidade remata o 30 de setembro de 2015.

A subvención se fará efectiva unha vez xustificada o cumprimento da finalidade para a que foi concedida. Se considera que dita finalidade se cumpre coa execución das obras de conformidade co proxecto ou memoria técnica que serviu de base para o acordo de concesión da subvención.

Unha vez acreditado polos beneficiarios/as a contratación conforme ao apartado 1.9 destas bases, o comezo das obras e executada a obra nun porcentaxe mínimo do 50% do orzamento estimado, poderá solicitarse o pago do porcentaxe da axuda concedida, con relación ao porcentaxe de obra executada, en concepto de pago a conta-tendo en conta o disposto na Base 38ª das de Execución do Orzamento-, con anterioridade ao fin de obra, presentándose os documentos que neste artigo se requiren para o pago.

Así mesmo, os/as beneficiarios/as deberán presentar no Concello unha vez finalizado o proxecto ou memoria técnica subvencionada, ou o 50% restante do mesmo e aos efectos de cobro a seguinte documentación:

- *Solicitud de aboamento cumprimentada no modelo normalizado (Anexo V)*
- *Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das obras realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará un rexistro fotográfico ou audiovisual.*
- *Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 - *Unha relación clasificada dos gastos da obra subvencionada, cumprimentada segundo o modelo normalizado (Anexo VI) con identificación do acredor e do número e concepto do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
 - *Certificacións das obras e facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente dos gastos realizados. As facturas deberán recoller o nome ou razón social da empresa que factura, o CIF, data de emisión, número, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, e o IVE que corresponda de forma diferenciada, base imponible, tipo de IVE aplicable e importe total. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin simples recibos e/ou tiques de caixa, albarás, resgardos bancarios... nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación e o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios/as e profesionais.*

Se o/a beneficiario/a solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Participación Cidadá procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola

subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- *Relación detallada de outras axudas obtidas para a mesma finalidade con indicación do importe e a súa procedencia.*
- *Copia da concesión da licenza de obras, cando sexa esixible.*
- *Os tres ou mais orzamentos desagregados por partidas con prezos unitarios e totais co IVE correspondentes, solicitados ás empresas ou provedores; así como a Acta na que conste o aprobado e aceptado pola Xunta de Propietarios. Ademais, será necesario aportar memoria xustificativa da elección da empresa.*
- *Declaración xurada do perceptor acreditativa dos seguintes extremos:*
 - *Que responde da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegada*
 - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
 - *Que os xustificantes de gastos foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
 - *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
 - *Que nin a entidade, nin a persoa que subscribe en nome da mesma, incorren nos supostos de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións establecidos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actuación subvencionada e o interese de demora correspondente.*
- *Certificación final da obra debidamente visada polo Colexio Profesional, cando sexa procedente.*
- *Certificacións de atoparse ao corrente de pagos coa Seguridade Social e obrigas fiscais (estatais, autonómicas, locais).*

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade, indicando a contía do seu custo total.

A anterior documentación, unha vez recibida polo servizo correspondente e constatada a conformidade dos documentos xustificativos presentados, se remitirá á Intervención Municipal se o informe fose favorable. Neste caso, se non se formularon observacións, se procederá ao seu abono total ou do 50% restante, segundo resulte.

O prazo máximo para a xustificación da subvención remata o 16 de novembro de 2015.

No caso de que a inversión realizada teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto ou incumprimento da finalidade que determinou a concesión, a contía da subvención se reducirá proporcionalmente.

BASE 5ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, MINORACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, a súa revogación, o incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; a non execución das obras proxectadas; a execución das obras sen axustarse á licenza municipal ou incumprindo outras normativas que fosen de aplicación; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

b) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a beneficiaria reintegrará as cantidades percibidas, coa conseguente esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custo do proxecto ou memoria técnica subvencionado, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso ou, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

A renuncia ou anulación do proxecto dará lugar ao reintegro das cantidades percibidas.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actuación subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguente redución proporcional da contía da subvención ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

c) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993 de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

BASE 6ª.- PUBLICIDADE

6.1. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2015 das "AXUDAS Á REALIZACIÓN DE OBRAS DE REURBANIZACIÓN NAS PRAZAS OU ESPAZOS LIBRES PRIVADOS DE USO PÚBLICO" do Concello de Vigo publicarase no correspondente diario oficial, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

As anteditas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado (Casa do concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

6.2. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, expostas no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo e poderase notificar, de xeito individual, no correo electrónico indicado na solicitude.

A publicidade das axudas que se concedan ao amparo destas bases reguladoras e convocatoria estará suxeita aos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.3. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no lugar das obras un cartel de forma visible no que se indique que a actuación está financiada polo Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo Servizo de Participación Cidadá.

BASE 7ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos do/a beneficiario/a e os do/a seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa inclusión e publicación na citada páxina web ou nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás axudas concedidas.

Non entanto, os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

BASE 8ª.- RÉXIME XURÍDICO

No non previsto nas presentes Bases, a presente convocatoria rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamente, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O descoñecemento de calquera dos seus termos ou das normas promulgadas por esta Administración que poidan ter aplicación á presente subvención, non eximirá ao beneficiario/a da obriga do seu cumprimento.

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria.

BASE 9ª.- DISPOSICIÓN FINAL

9.1. *O exceso do custo das obras que se executen non dará lugar a modificación ou revisión da subvención concedida, sendo de conta do beneficiario/a as responsabilidades que, como consecuencia de aquela, se orixinen.*

9.2. *O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.*

O Concello non terá responsabilidade algunha (laboral, económica...) fronte aos redactores do proxecto ou directores da obra, nin fronte ao contratista encargado da súa execución.

9.3. *O Concello non será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolvan e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.*

21(1137).-ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.